

A Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia

Baldomero
Cores
Trasmonte

Primeira parte:
Título preliminar, parte final e preámbulo

Lerrado do Parlamento
de Galicia

I.

A codificación imposible do dereito civil galego

1. Dereito galego e dereito civil de Galicia

O proceso de autonomización do dereito civil galego iniciouse no ano 1987, coa Lei sobre a compilación do dereito civil en Galicia. Con algunhas modificacións, a Lei 7/1987, do 10 de novembro, atraía para o dereito autonómico unha norma de carácter estatal que, para outros efectos, seguía subsistente fóra do territorio galego. Inspirada nos modelos de Cataluña e de Aragón, o lexislador galego acababa así cunha curiosa fórmula mixta do sistema de fontes do dereito autonómico de Galicia. Non deixaba xa de ser curioso que o único dereito producido polo pobo galego, indicador do

seu proceso de desenvolvemento social, estaba separado do dereito que se estaba a facer polos poderes da Comunidade Autónoma, como emanada dun poder competencialmente diferente. Da-lo segundo paso, coa regulación dun dereito civil galego de emanación autonómica, elaborando unha norma propia polo Parlamento de Galicia, na que se recolleran as institucións xurídicas galegas, que foi tarefa complexa e unha vez máis revelou empiricamente as dificultades dos galegos para acordar contidos globais con espírito común¹.

Despois dun longo proceso de formación interna no seo do Parlamento de Galicia, iniciado en 1988, a Lei 4/1995 de dereito civil aparece no panorama xurídico galego co obxecto de regula-las relacións xurídico-privadas entre os galegos. Desde que en 1957 se iniciara un proceso de positivación normativa dos montes comunais e a Compilación en 1963 dun estado legislativo a un conxunto de normas consuetudinarias dun xeito integral, se ben non faltaron normas dispersas sobre a materia. Aínda que non se chama código, sobre todo para evitar suspicacias centralistas, a lei amosa xa un intento omnicompreensivo das institucións xurídicas galegas. Algunhas das características dun código, como a xeneralidade e a sistematización, coinciden neste que máis modestamente leva o simple nome de lei.

Non sería necesario sinalar que o dereito civil de Galicia é un sector do ordenamento xurídico galego se non se utilizara a expresión dereito galego en diverso sentido. Por un lado, é dereito galego todo o ordenamento emanado dos poderes públicos autonómicos, incluíndo tanto a potestade primaria do Parlamento como a secundaria da Xunta de Galicia. Por outro lado, por mor do impacto de posicións anteriores á mesma existencia do réxime autonómico creado pola Constitución de 1978, o dereito galego é especificamente o dereito civil galego, como un dereito civil propio, emanado do xenio creador do pobo galego ó longo de séculos. O Estatuto de autonomía para Galicia avala esta perspectiva global, xa que se ben nos artigos 25 e 26 utiliza a expresión dereito galego, no artigo 27.1.4º ou no 38.3 utiliza a expresión dereito civil galego. O dereito propio de Galicia, por utiliza-la expresión do Estatuto no artigo 38.1, será, deste xeito, a suma do dereito autonómico co dereito civil galego, o que constitúe finalmente un ordenamento integrado por materias de dereito privado e de dereito público. Aínda que con outra intención concreta, o Tribunal Cons-

¹ Prescindimos dos traballos de tipo xeral, para quedarnos agora con aqueles que teñen interese concreto para esta pescuda. Naturalmente, sería imposible descoñecer-la grande cantidade de lecturas, deducibles dos conceptos, dos textos dos civilistas máis eminentes, como Felipe Sánchez Román, Castán, Albaladejo, Díaz Picazo, etc. Tampouco poden esquecerse aquelas aportacións á interpretación dos artigos referentes ó dereito civil na Constitución, así como os seus efectos sobre os estatutos de autonomía, que son xa moitos.

Feita esta aclaración, moi xusta por outro lado, comecemos pola primeira das notas: Baldomero Cores Trasmonte, "Hacia un derecho regional de Galicia", Revista *Lar*, Bos Aires, 1956.- Por iniciativa de Roberto González Pastoriza, un dos nosos máis intelixentes foralistas, publicouse despois no *Boletín Informativo del Ilustre Colegio de Abogados de Pontevedra* número 11, xullo-setembro de 1956.

² Baldomero Cores Trasmonte, *Dereito autonómico de Galicia*, Xerais, Vigo, 1987. O Tribunal Constitucional tivo ocasión de pronunciarse sobre a distinción entre dereito autonómico e dereito civil. Hai que avalia-los conceptos que se derivan das sentencias nos seus contextos normati-

vos, constitucionais ou estatutarios, porque son cousas que hoxe se chaman obvias e que non merecen maiores comentarios, polo claras que están. En Sentencia 56/1990, do 29 de marzo, o Tribunal Constitucional dixo que as expresións "dereito catalán" e "dereito galego" contidas nos estatutos de autonomía de Cataluña e de Galicia, respectivamente, como o dereito referido a toda a produción normativa que no exercicio das súas competencias dicten os órganos autonómicos, isto é, o dereito civil especial ou foral de cada unha das ditas comunidades autónomas e as normas de dereito público que dicten en materias sobre as que asumiran competencias normativas. Na Sentencia 57/1990, do 30 de marzo, insistiu no mesmo concepto extenso con respecto ó dereito aragonés. A relación entre dereito galego e dereito civil galego foise aclarando co tempo. A incorporación do dereito civil ó dereito integral de Galicia indica unha tendencia pola que o dereito civil constitúe unha parte das relacións xurídicas dentro dun ordenamento xurídico galego autónomo, aínda que subordinado ó dereito común e ó dereito comunitario. Chegar a precisa-lo alcance do dereito galego como dereito integral, cousa que parece moi simple, esixiu máis dunha sentenza do Tribunal Constitucional.

titucional aclarou o alcance da expresión dereito galego no seu senso máis amplo, non precisamente como dereito foral ou especial de Galicia².

O elemento distintivo do dereito civil galego é a súa emerxencia desde os miolos do pobo mesmo, o que permite integralo no sistema simbólico de Galicia como unha creación propia e orixinal. Como a lingua, polo tanto, é un dos elementos de identificación. Isto, xa máis concretamente, serviu para salvar algunhas institucións sociais e socioeconómicas que foran desaparecendo, pero que poden permiti-los alicerces duns principios xurídicos emanados do propio pobo. O mandato estatutario sobre identidade é un vínculo coa cultura galega³.

³ O primeiro parágrafo do preámbulo da lei acolle a idea da emerxencia popular do dereito galego con estas palabras: "O dereito civil de Galicia é unha creación xenuína do pobo galego. Ó longo dos séculos foron xurdindo institucións xurídicas propias de acordo coas necesidades de cada momento histórico. Tamén ó longo da historia foi posible observa-la desaparición doutras que durante séculos estiveron moi vivas, tal como sucede cos foros, institución fundamental no desenvolvemento xurídico de Galicia. Esa tensión entre as realidades e a supervivencia de formas xurídicas foilles dando, así mesmo, novos sentidos a moitas institucións, xa que poucas veces poderá atoparse unha relación funcional tan estreita entre esas necesidades que as institucións xurídicas tentan acadar e as realidades de cada momento histórico".

No parágrafo 7º completouse a idea do xeito seguinte: "Estamos ante un dereito vivo de Galicia. Nado nos campos galegos, como emanación singular dun rico dereito agrario, desbórdase hoxe, incluso na vida cotiá das súas urbes. Lonxe da preocupación de calquera tentación arqueolóxico-xurídica, a lei pretende regular institucións válidas para os intereses e as necesidades do pobo galego. As comunidades de montes veciñais comunais, as de augas ou as agras e vilares teñen unha regulación específica. A dúbida sobre a posible incorporación dunha regulación dos muiños de herdeiros como unha institución viva do dereito galego levou a Ponencia ó convencemento da oportunidade da súa inclusión, logo de lles oír ós expertos en materia de dereito civil que subsiste a institución, aínda que en forma moi limitada. O título dedicado ás serventías ocupa un amplo e longo espacio, xa que as relacións de veciñanza e a propia configuración do sistema agrario galego así o aconsellan. En canto ós contratos, a parceria, o arrendamento rústico e o lugar acasurado teñen hoxe unha excelente vitalidade, o que aconsella a súa regulación por medio da presente lei". Pola súa banda, o parágrafo 8º di así: "Se vivo e expresivo dun dereito propio é o sinalado no parágrafo anterior, complétese a súa riqueza con aquelas institucións constitutivas dun réxime económico familiar con fórmulas específicas de dereito sucesorio, integradoras dunhas relacións xurídico-privadas de grande alcance, pois

A inclusión dos tipos xurídicos no novo texto legal estaba limitado polos estreitos valos marcados pola competencia exclusiva do poder central en moitos aspectos do dereito civil, altamente centralizado nunha materia que, como o dereito privado, tiña que ser máis privado e máis propio de cada comunidade. A mentalidade creada no século XIX contra o caos normativo impulsou un sustrato ideolóxico de tipo centralista no aspecto xurídico que arestora continúa tan vivo como nos momentos máis difíciles da relación conflictiva entre o dereito común e os dereitos forais. Non estar centralizado un sistema xurídico non quere dicir que teña que estar espallado, porque existen fórmulas de convención xurídica, de anovamento e de axeitamento ás novas realidades para as que, precisamente, o mesmo Código civil significa un freo en moitos casos. Máis pegado á realidade de cada comunidade, dereitos forais, especiais ou como se lles quixo chamar nesa relación binaria co dereito central, entendido como dereito común ou xeral, non deixaba de ser paradoxal que fose acusado de dereito arcaico.

Un dos problemas que se lle cuestionou ó lexislador da Lei 4/1995 de dereito civil, como no seu día ó autor da Compilación, foi o intento de incorporar ó dereito positivo institucións xurídicas vixentes. Como dicía a Compilación no seu preámbulo, que é todo el unha explicación dese esforzo de recoñecemento legal do dereito consuetudinario, “en él se ha procurado recoger con fidelidad las instituciones forales que están actualmente vigentes”. Despois de cita-los foros e a compañía familiar galega, dixo que, ó seu carón, se desenvolveron outras institucións, tamén con personalidade propia, que enchen as necesidades do agro e que responden á necesidade, ben de impedi-la automatización da propiedade ou de resolve-los seus efectos ó racionaliza-lo aproveitamento e cultivo dos predios. A mesma preocupación polo dereito vivo, tal como se desprende do preámbulo da Lei 4/95, pervive na intención do lexislador actual. E, así mesmo, nin aquel lexislador nin o da Lei autonómica

definen as formas familiares e o papel da casa no desenvolvemento non só do dereito galego, senón tamén de grandes elementos explicativos da cultura galega. Institucións como o vitalicio, tan vivo na realidade social galega, acadan agora o Estatuto xurídico que as circunstancias do noso tempo reclaman”. Pablo Sande García: “El Derecho civil de Galicia: una actualización imposible a la luz de la Historia”, *Revista General del Derecho*, Valencia, xuño 1994, pp. 6.499-6.516.

de dereito civil se libraron de acusacións de arcaísmo, de despectivos cualificativos de globais, como o de arqueoloxía xurídica, que, como dicimos, están moito máis acusados no mesmo Código civil, tan sacralmente e reverentemente admirado Código civil.

Naturalmente, un dos centros de atención descualificadora foi a incorporación dos muíños de herdeiros no seu texto, arestora sen unha función extensiva como tivo no seu momento, pero que se mantivo polas noticias que tiveron os lexisladores da existencia dalgúns polo momento en funcionamento. Reforzouse a admisión, coa idea de que servirían como alicerces ideolóxicos para xustificalos principios xerais do dereito civil galego. Moito máis problemática era a supresión da compañía familiar galega, preconizada por algún sector, cando é unha institución que pode reordenarse funcionalmente en aspectos que non sexan estrictamente rurais.

Os problemas de metodoloxía xurídica, polo tanto, foron presentándose decote, porque, en realidade, era unha desas leis que dificilmente podería contar con modelos alleos. Un dos problemas da lexislación autonómica, que, paradoxalmente tiña que ser autonómica, é a súa submisión a modelos alleos, sobre todo cataláns e procedentes de normas centrais. A Lei galega de dereito civil nacía desde uns modelos que emerxían dun xeito máis propio, intrasocial de Galicia, sempre sen esquecer a submisión que directa ou indirectamente os xuristas galegos senten e teñen polo Código civil, debido á formación xurídica recibida nas aulas galegas.

En canto á metodoloxía, seguindo xa unha liña longamente iniciada, continuamos co que chamamos método socioxurídico, como ese punto de conexión entre a explicación social e a manifestación xurídica. Hai pouco tempo, por exemplo, aplicámo-lo método á interpretación da estrutura política de Galicia, sinalando que "o método socioxurídico que utilizamos está baseado nos puntos de conexión entre os ofrecementos da ciencia política e a súa consecuencia sobre as normas xurídico-políticas, sobre todo en relación coas normas de organización fundamental, que denominamos modelos organizativos de Galicia"⁴.

A teleonomía da Lei 4/1995 de dereito civil galego, entendida como os grandes obxectivos conscientes ou inconscientes dunha comunidade e dun sistema, é moi distinta á seguida polos modelos de apéndice e polos modelos com-

⁴ Baldomero Cores Trasmonte, *Estructura política de Galicia*, Santiago, 1994, p. 12.

pilados. Xa non se tenta de facer unha obra de aproximación ó Código civil, nin á formación dun “futuro Código General del Derecho Civil español”, como reitera no preámbulo a Compilación. O Código civil, conforme coa nova repartición de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, segundo o previsto na Constitución de 1978 e nos estatutos correspondentes, no caso de Galicia, no de 1981, ten a súa propia dimensión funcional, así como a lei ten o seu propio marco de regulación autonómica do dereito privado. Durante o proceso de formación interna da lei, as ideoloxías partidistas, así como as ideoloxías xurídicas non sempre superpoñibles, con tódalas incongruencias que normalmente se dan en tales casos, foron emerxendo decote. A teleonomía do dereito civil de Galicia, codificada na Lei 4/95, era, en definitiva, un elemento máis da teleonomía de Galicia, que estudiamos noutros sitios con máis vagar. Unha lei que tivo, finalmente, unha repercusión protocolaria como non tivo ningunha, con acusadores que directa ou indirectamente a cualificaban de arcaísmo, algo tiña que ter neste aspecto ideolóxico global de identificador cando foi aprobada con tanto aparato protocolario⁵.

O preámbulo da lei vehicula algunhas destas ideas xerais sobre os contidos, as aspiracións, a intención do lexislador. Consta de oito apartados desde os que pode entenderse a actitude racional do lexislador cara a un dereito de tanta transcendencia dentro da cultura galega. A intención do autor era a de construír unha primeira parte desde o punto de vista xeral, da xénese do dereito galego, dos focus de emerxencia das relacións xurídico-privadas, que se completaría logo cunha descrición máis demorada de cada unha das institucións. As dificultades xurdidas en ponencia, deixaron incompleto o texto, que, por outro lado, estivo a piques de desaparecer nalgún momento.

O que si debe quedar claro é que, se o dereito privado se illa do contexto ideolóxico no que se desenvolve, do sistema político no que se manifesta, entón dificilmente poderá entenderse o seu significado último. A Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia, como lei reguladora de relacións privadas, resultou se-la lei máis significativa do ordenamento xurídico autonómico. Situáble, polo significado, a carón da Lei de normalización lingüística ou da Lei da galeguidade, dado o seu contido identificador na cultura galega, non foi, como non o foron estas, unha lei de desenvolvemento básico. O

⁵ Baldomero Cores, *ibidem*, p. 93 e seguintes.

que, por outra parte, é unha boa medida, porque poderá modificarse máis axilmente, cando os feitos e a realidade social o demanden. Unha lei que recoñece a súa función provisoria, como punto de partida, que se deberá enriquecer e modificar coa experiencia, non debía ser unha lei de desenvolvemento básico, modificable soamente mediante un quórum cualificado⁶.

2. Os obxectos xurídicos e o ámbito institucional do dereito civil de Galicia

A construción formal das institucións xurídicas galegas, emerxentes desde un dereito consuetudinario e transformables en normas xurídicas escritas, foi un proceso de elaboración doutrinal e de constatación das realidades nos tribunais de xustiza. Foi o impacto dos foros e institucións vinculadas dalgún xeito, o elemento que xustificaba unha realidade xurídica diferente en Galicia, cando outros pobos periféricos, como Aragón ou Cataluña contaban cunha tradición de dereito escrito. Axiña, xa despois da entrada en vigor, incorporouse, como institución indiscutible daquela, á comunidade familiar galega. A primeira proposta de apendización do dereito civil galego, como dereito foral, incorporou xa as parcerías agrícola, pecuaria e forestal.

Coa moda do dereito consuetudinario, sobre todo os xuristas inspirados por Xoaquín Costa, que non eran poucos, o catálogo de institucións e de relacións xurídicas ampliouse e aínda que non significou o aumento do patrimonio institucional, cando menos serviu para aseguralas posibilidades de existencia dun dereito distinto ó regulado polo Código civil. Coa recuperación do dereito consuetudinario como dereito propio, opoñible ó mito do Código civil, abríase unha nova lexitimidade para os dereitos periféricos, sobre todo para aqueles que, como galego, non tiñan un dereito escrito⁷.

Malia esa apertura, o repertorio institucional ofrecido polo Apéndice da Comisión de Dereito Foral en 1915 e logo, xa dun xeito positivo, a Compilación de dereito civil de Galicia de 1963, non intentaron ofrecer un modelo integral das necesidades dos operadores xurídicos galegos en materia de dereito civil, pero deixaban xa aberto o portelo para novas incorporacións institucionais. Aproveitando a

⁶ Para as leis de desenvolvemento básico, Baldomero Cores Trasmonte, *Dereito autonómico de Galicia*, pp. 42-49. Tamén en "Galicia viva".

⁷ Xosé Pérez Porto, *Derecho Foral de Galicia*. Memoria. Imprenta L. Lorman, A Coruña, 1915; Amadeo Fuenmayor Champín, *Derecho civil de Galicia*, Nueva Enciclopedia Jurídica, Francisco Seix, Barcelona, 1985; José-Cándido Pazares, *Instituciones al servicio de la cas en el Derecho civil de Galicia*, Santiago, 1964; Eduardo Menéndez-Valdés Golpe, *Las particularidades de derecho patrimonial en el Noroeste de España, ante la Compilación gallega y el Código civil*, Becerreá, 1964; Carlos Abreira López, *El derecho foral. Estudio crítico de la Compilación del Derecho civil especial de Galicia*, Editorial Porto, Santiago, 1970; Ramón Carballal Pernas e outros, "Compilación de Galicia", tomo XXXII, *Comentarios al Código civil y Compilaciones Forales*, editorial Revista de Derecho Privado, 1979; Xosé Luís Núñez Vide, "Panorámica sobre el derecho foral gallego", *Actualidad civil*, 19 de abril de 1992.

regulación dos montes segundo a Lei de 1957, incorporáronse, ademais, outras institucións, como o muíño de herdeiros, a agra e o vilar, etc. A Lei 4/1995 non soamente aproveitou o conxunto xa fixado positivamente pola Compilación, con artigos incorporados practicamente ó pé da letra, senón que se valeu tamén, principalmente, das conclusións do I Congreso de Dereito Galego e, en boa medida, das do II Congreso, realizados os dous na Coruña en 1970 e 1987, respectivamente⁸.

As limitacións semánticas con frecuencia acadan en dereito consecuencias imprevisibles. A autolimitación do alcance do dereito propio polo Estatuto de autonomía para Galicia de 1981, incluíndo un oficioso adxectivo, o de “institucións” do dereito civil, reducía o ámbito dun dereito que nos modelos das comunidades históricas que o precederan non existía. O Tribunal Constitucional, sen embargo, equiparou o concepto de institución coas normas consuetudinarias, o que permite unha maior soltura nas posibilidades de arriquecemento do repertorio de costumes, aínda que non de usos, para futuras ampliacións do dereito civil de Galicia. Dixo o Tribunal que “en la idea de ‘institución’ jurídica, presente en tal precepto, se integran o pueden integrarse, con naturalidad, posibles normas consuetudinarias”⁹.

Os obxectos regulables pola lei son os propios do dereito privado, sempre que non se esqueza a difusa liña que separa o público do privado en materia de institucións xurídicas. En calquera caso, os civilistas, reservan para os contidos do dereito civil, sempre dentro dunha sociedade liberal, institucións sobre a personalidade, a familia, a asociación, o patrimonio, as obrigas e a sucesión hereditaria ou *mortis causa*. Pero, a regulación esencial destas institucións ten un contido ideolóxico, implícito no sistema fundamental dominante, o que define o dereito civil en función da fórmula política definida constitucionalmente. Se cando se aprobou o Código civil, a supremacía ideolóxica e institucional lle correspondía ó dereito privado, cando se elabora a Lei 4/95 dificilmente existe furado privado non invadido polo intervencionismo administrativo, nun momento histórico no que, paradoxalmente, se fan intentos de privatización de actividades e funcións públicas dimanantes do Estado de benestar. Non deixou de ser curiosa, por exemplo, a posibilidade de que unha compañía como a familiar, netamente consuetudinaria, tivese que proverse do correspondente CIF.

⁸ Libro del I Congreso de Derecho Gallego, A Coruña, 1972. “II Congreso”, en *Foro Gallego* número 182, A Coruña, 1986; Antonio Díaz Fuentes, “La suerte del derecho foral gallego”, *Revista Xurídica Galega* nº 7, 1994.

⁹ A Sentencia do Tribunal Constitucional número 347/1987, sobre a Lei 2/1986, do 10 de decembro, do Parlamento de Galicia, de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos para Galicia, dixo expresamente que sendo certo que a vixente compilación do dereito civil de Galicia non contén ningunha regra, directa e expresa, sobre o arrendamento rústico, non o é menos –como consideración de principio– que a competencia autonómica para a “conservación, modificación e desenvolvemento do propio dereito civil pode dar lugar, segundo xa dixera na recente STC 121/1992 (fund. xurídico 2º), a unha recepción e formalización lexislativa de costume e usos efectivamente vixentes no respectivo territorio autonómico, eventualidade, esta última, que resulta aínda máis clara visto o enunciado do referido artigo 27.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, pois na idea de “institución” xurídica, presente en tal precepto, intégranse ou pódense integrar, con naturalidade, posibles normas consuetudinarias.

Os obxectos regulados na Lei 4/1995 non son tódolos posibles nin sequera dentro do réxime de competencias no que se asenta. O dereito privado, por moita que sexa a súa publicación, segue a se-lo sistema de regras entre persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrigar. A incorporación das augas continentais ó patrimonio hídrico nacional, apurando a demanialización constitucional, por exemplo, con efectos sobre os usos e costumes sobre as augas en Galicia, impediu facer outra cousa que unha remisión á lei estatal. Por outro lado, puido aproveitarse a ocasión para regular con amplitude o cooperativismo e o mutualismo consuetudinarios, pero tampouco se fixo neste senso un esforzo, nunha materia na que existe lexitimidade máis que suficiente para incorporalas a un dereito privado galego.

As fontes legais que serviron de inspiración para elaboralo articulado da lei son diversas, segundo o tipo que se pretende precisar legalmente. Hai fontes centrais, como o Código civil e a Compilación de 1963 que están gravitando decote sobre as institucións recollidas no texto da lei, en ocasións ó pé da letra, porque o Código civil actuaba funcionalmente como freo competencial e como exemplo que imitar na redacción dos textos do articulado. Existe incrustado intensamente nos xuristas de formación non descentralizada, unha sagrada reverencia polo Código civil, que habería que estudar nos seus aspectos míticos. Unhas veces querendo e outras veces sen querer, o certo é que, en moitos artigos da Lei 4/1995, flota densamente o eco da redacción ou do espírito do Código civil. O venerable texto legal actuaba, durante o proceso de elaboración, consciente ou inconscientemente, como guía, como marco e como freo ante calquera extralimitación ou calquera intento de anovamento xurídico.

Entre as fontes máis concretas, utilizables para determinadas institucións, os expertos tiveron en conta, e citaron expresamente, lexislación central referente á materia que se ía estudar. Non deixa de ser ben visible, por exemplo, o impacto da lexislación de arrendamentos rústicos sobre os tales e sobre as parcerías ou o da Lei central 48/81, do 24 de decembro, do Estatuto da explotación familiar agraria e dos agricultores novos. O servizo xurídico ofreceulles material bibliográfico, doutrinal e positivo, como para que aqueles ponentes que o quisesen puidesen recoñece-lo alcance das súas funcións.

Entre as fontes autonómicas que axudaron a crea-lo arti-

culado hainas procedentes do dereito civil de distintas comunidades autónomas, con máis tradición escrita en materia de dereito privado. A provisión ós ponentes de material desta natureza polos servicios do Parlamento, do mesmo xeito que a información sobre dereito central, aínda que non sexa garantía de lectura, cando menos serve para unha mellor información sobre a materia. En ocasións chegou desde fóra, como, por exemplo, a proposta de sucesión intestada pola Xunta de Galicia, feita por García Ramos, que logo se axustou como da Comunidade Autónoma, e que estaba tirada da Lei 40/1991, do 30 de decembro, da Compilación do dereito civil de Cataluña, Decreto legislativo 1/84, do 19 de xullo, que reitera a Lei 9/1987, do 21 de maio, de sucesión intestada. Proposta de palabra e por escrito na ponencia, pasou a formar parte da Lei como o artigo 153. Para redactalos artigos 5 e 6 foi decisiva, por poñer outro exemplo, a Compilación de dereito civil de Baleares, sobre todo de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional, do 6 de maio de 1993.

3. *A disposición adicional segunda e a obra aberta institucional*

Un instrumento de autorregulación institucional, creado para incorpora-las institucións que o estado da investigación científica e da aplicación xurisprudencial ofrecen foi a incorporación da disposición adicional. Cumpría, ademais, unha función latente, xa que era un mecanismo para reduci-las distancias entre os dous campos ideolóxicos manifestos durante a elaboración dos modelos de dereito civil de Galicia. A idea de que a lei non esgota todo o repertorio institucional e a riqueza consuetudinaria de Galicia fai dela unha obra aberta, á expectativa do resultado da investigación científica e da experiencia xurisprudencial. As voltas que deu a disposición adicional merecen ser historiadas, como un vestixio do que foi, co correr do tempo aquela escisión ideolóxica en materia de institucións civís, en aparencia as menos ideoloxizables das institucións. Seguindo a liña da disposición adicional do Código civil, a Compilación recolleu unha disposición parella, pero quedaba indefinido o tempo de exame das institucións. A novidade consiste en que, como máximo, se lle asigna un prazo de cinco anos,

¹⁰ Baldomero Cores Trasmonte, *Estructura política de Galicia, para a relación obxecto, materia, etc.*, pp. 146-154.

¹¹ No parágrafo 6º do preámbulo da Lei 4/1995 evócase este concepto: "A presente Lei de dereito civil de Galicia tenta, pois, conservar, modificar ou desenvolver, en tódolos seus aspectos, aquelas institucións xurídico-privadas que realmente estivesen vivas no dereito propio de Galicia. De seguro que existen institucións que a lei non regula e que teñen méritos propios para ser incorporadas ó dereito escrito de Galicia. Por iso, en previsión da existencia de tales institucións, pero tamén das dúbidas e dos problemas que a aplicación da presente lei puidese suscitar na práctica, establécese unha fórmula co fin de que se someta, cando se estime oportuno, como máximo no prazo de cinco anos, a unha avaliación o presente texto mediante o informe dunha Ponencia especial, de xeito que os grupos parlamentarios ou a Xunta de Galicia puidesen facer no seu día uso de oportunas iniciativas lexislativas que permitan a conservación, a modificación ou o desenvolvemento propio do dereito de Galicia". Menos fortuna tivo a disposición adicional segunda da proposición de 1993, que dicía así no seu primeiro parágrafo: "Os costumes e usos notorios non compilados que sexan reite-

radamente recoñecidos pola xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia poderanse incorporar a esta lei mediante a iniciativa parlamentaria correspondente”.

Sobre as tendencias civilísticas en relación co marco de competencias, Pablo Sande García, “¿Autonomismo ou foralismo en materia de dereito civil galego? A prol dunha interpretación do artigo 27.4 do Estatuto de autonomía non determinada historicamente”, *Revista de Administración Galega*, número 2; Ánxel Luís Rebolledo Varela, “A reforma da Compilación de 1963 e o futuro do dereito civil galego”, *Revista Xurídica Galega* número 2, 1992.

Sobre os limitados ámbitos constitucional e estatutario dentro dos que podía desenvolverse o lexislador civil galego, faise eco o preámbulo da Lei 4/1995, no seu parágrafo 3º: “O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981 creou un novo marco, dentro do que poden conservarse, modificarse e desenvolverse as institucións do dereito civil galego, tal como determina no artigo 27.4, ó fixa-la competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.8º da Constitución española de 1978. Sen perda da competencia exclusiva estatal en materia de lexislación civil,

se ben as consecuencias poden se-las mesmas, xa que non hai forma de forzar-la falta de memoria ou de dilixencia.

Elaborada pola representación do servizo xurídico, en liñas xerais para un título preliminar dunha Lei de dereito civil propio de Galicia, inicialmente tiña a seguinte redacción: “A Xunta de Galicia promoverá estudos e investigacións de campo que faciliten o coñecemento do dereito e das relacións xurídicas de tipo consuetudinario. Cada cinco anos remitiralle un informe ó Parlamento de Galicia”¹⁰. Que a Xunta tivese esa intervención xustificábase, naquel momento, porque, ó longo do traballo da Comisión, se cuestionou a incompatibilidade coa Comisión de dereito civil de Galicia creada na Dirección Xeral de Xustiza. Estes parapetos institucionais, acolléndose uns á Xunta e outros ó Parlamento, eran, en realidade, o froito da escisión ideolóxica que existía entre ámbalas tendencias, que logo fructificou en senllos modelos de dereito civil de Galicia.

Na práctica este mecanismo da disposición adicional, coas derivacións que tivo logo, foi un dos mecanismos que axudou a resolver-la escisión ideolóxica, permitindo o avance de traballo. Da mesma autoría, a disposición adicional terceira publicada na Proposición de lei o 27 de abril de 1993, utilizou xa unha nova fórmula: “Cada cinco anos, como máximo, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha Ponencia, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, co fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da presente lei e daquelas normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil propio de Galicia. Para o cumprimento das súas funcións a Ponencia poderá solicitar informe do Consello da Cultura Galega e poderá dirixirse ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a organismos relacionados co dereito civil galego en solitudade da súa colaboración sobre a materia. Unha vez recibido o informe, a Mesa do Parlamento de Galicia poderá remitírllelo ós grupos parlamentarios e á Xunta de Galicia, por se estimasen axeitado facer uso das oportunas iniciativas lexislativas”. Nos modelos posteriores suprimíuse o parágrafo desde “Para o cumprimento”, quedando xa, en tales termos, na Lei 4/95¹¹.

II.

O réxime de competencias eo dereito civil de Galicia

1. O sistema político e a potestade civilística

Como parte das normas reguladoras do ambiente do sistema político, o dereito civil galego constitúe un subsistema normativo que, se se abstrae, de acordo co relativismo da interpretación sistémica, permite concíbilo en certos casos como un sistema xurídico e como un ordenamento xurídico, vinculado a outros sistemas e ordenamentos, como o español e o europeo. Dentro do Estado unitario e centralista, como o foi o Estado español desde a implantación do Estado liberal, o dereito galego estivo subordinado ás normas reguladoras do dereito español. Historicamente, ademais, podería chegarse moi lonxe na superposición sistémica, na que o sistema formal central se asentaba de forma excluyente sobre o desenvolvemento do dereito galego propio, que emerxía das súas estruturas sociais e de acordo con comportamentos axeitados ó seu medio social, económico e cultural, tan distintos doutras partes do territorio español.

No ordenamento xurídico español, o dereito privado, xa na idade contemporánea, foi obxecto de distinto tratamento segundo a estrutura e os alicerces ideolóxicos do sistema político. O intento de implantación dun dereito civil central e excluyente non chegou a callar pola oposición e a protesta periférica, sobre todo de aragoneses e, en boa medida, de cataláns. Soamente a decidida oposición dos xuristas periféricos, con teimuda presenza durante todo o século XIX, coa intervención eficaz de xurisconsultos aragoneses e cataláns, aínda traumatizados polo Decreto de nova planta, e algúns que outros, máis ben poucos, doutros países, entre os que é difícil atopar xuristas galegos, puideron facer fronte a un movemento de absorbente centralismo xurídico, ensamblado no seo do centralismo político e ideolóxico. O núcleo inspirador de tal ordenación xurídica centralizada era o artigo 258 da Constitución de 1812, que dicía que: "O Código civil e criminal, e o de comercio, serán uns mesmos para toda a monarquía, sen prexuízo das variacións que por circunstancias particulares poderán face-las Cortes". O artigo

de acordo co previsto na Constitución e nos estatutos de autonomía, as comunidades autónomas poderán conservar, modificar e desenvolver os seus propios dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan. O marco estatutario completouse, ademais, coas súas previsións específicas sobre a parroquia rural, de acordo cos artigos 27.2 e 40 do Estatuto, que asoma nas disposicións desta lei sobre a comunidade veciñal, sobre as comunidades de augas ou sobre o réxime xurídico dos montes veciñais comunais, incorporados ó dereito autónómico por mor do previsto no devandito artigo 27 do propio Estatuto, entre outras competencias que inciden, naturalmente, sobre os máis diversos aspectos das relacións xurídico-privadas".

cruzou tódolos modelos constitucionais do século XIX, levando dentro xa a idea da existencia dunha loita entre a pretensión liberal da uniformidade xurídica e a daqueles que coidaban necesaria a defensa das particularidades xurídicas dos distintos pobos que tiñan ordenamentos xurídicos propios.

Isto iniciou unha loita do sistema xurídico central cos sistemas xurídicos periféricos, se ben en Galicia estaba superado o problema desde os Reis Católicos pola vía fácil da supresión. Soamente os estilos, que se non chegaron a crear un dereito propio, polo menos deron conta da existencia dalgunhas institucións galegas, eran testemuña de usos e costumes propios, malia a Real Audiencia de Galicia ser unha institución máis do poder central. Como unha supervivencia daquelas institucións propias, o título IV da Lei 4/95, no seu artigo 34, regula o retracto de graciosa, definido no seu día como unha equidade, que usaba a Real Audiencia de Galicia en favor do debedor, para que recuperase os bens raíces, que lle foran vendidos en subhasta, aprontando o importe da venda, o que, nun mundo no que os axentes financeiros se amosan tan voraces, non deixa de ser unha cautela máis a prol da estabilidade do patrimonio labrego¹².

Sen embargo, cando empeza a codificación do dereito civil español, inicialmente de Castela, a doutrina xurídica galega ten moi pouca conciencia das institucións xurídicas do país, agás do interese excepcional que os foros e institucións derivadas tiñan daquela. En cambio, o pensamento xurídico de Aragón ou Cataluña, por exemplo, significaban un obstáculo importante e moi eficaz contra aqueles intentos uniformadores. O centralismo xurídico ía máis lonxe que a simple codificación, xa que afectaba á propia entidade do sistema político liberal, polo que o seu poder era o poder do Estado practicamente. De tódolos xeitos, malia tan teimuda resistencia xurídica, desde esta perspectiva centralista, desde a promulgación do Código civil, imperou a política legislativa de considerar residual e transitorio o dereito das rexións, subordinado ó dereito civil común e cun prazo fatal aínda que incerto de extinción. Despois de dispo-la aplicación obrigada do título preliminar e o título IV, libro I, no seu parágrafo segundo incluíu a fórmula “en que subsiste” e “por agora”, o que viña a dicir que quedaban petrificados.

¹² Bernardo Herbella de Puga, *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia de Galicia*, A Coruña, 1844. Reedición polo Colexio de Avogados da Coruña, 1975, pp. 77-90.

Engánanse, sen embargo, os que reducen o valo de referencia do centralismo xurídico á presenza do Código civil, que, en realidade, non era outra cousa que o cumio dun longo proceso histórico, que esperamos historiar con máis vagar desde a perspectiva galega. A Lei de vagabundos, do 16 de maio de 1835, por exemplo, deu orixe a unha intensa batalla nos tribunais, desde Cataluña. Derivada do Real decreto de nova planta, do 16 de xaneiro de 1736, alterou o sistema sucesorio, obrigando como dereito común en todo o territorio español, sen excepción para as rexións de dereito periférico. As fórmulas “por agora” e “onde subsistan” do Código civil, relaciónanse non co dereito catalán vivo, senón coa norma uniformadora da Lei de 1835.

A reforma dos artigos 12 e 13 do Código civil permitiu a coexistencia dos ordenamentos, pero sempre dentro da subordinación e transitoriedade. O Código civil, no seu artigo 13.1, precisou o alcance do ámbito de aplicación dos réximes xurídicos civís coexistentes no territorio español, precisando que as disposicións do título preliminar, en canto determinan os efectos das leis e as regras xerais para a súa aplicación, así como as relativas ó matrimonio, agás as normas relativas ó réxime económico matrimonial, terán aplicación xeral e directa en toda España. Ó mesmo tempo, na alínea segunda, sinalou que, no demais, e con pleno respecto ós dereitos especiais ou forais das provincias e territorios nos que estivesen vixentes, reixerá o Código civil como dereito supletorio, en defecto do que o sexa en cada unha daquelas, segundo as súas normas especiais. As compilacións foron o resultado desa nova política. Mediante un proceso de tolerancia, formaban parte do dereito civil como especialidades, polo xeral asistemáticas e puramente casuísticas. A persistencia de tal óptica centralizadora chegou, incluso, a ser captada desde a propia dimensión do Tribunal Constitucional por un dos seus membros¹³.

2. O Estado unitario descentralizado e a compatibilidade xurídica

A instauración de sistemas unitarios, pero non centralistas, senón descentralizados, como o establecido pola Constitución de 1931 e a de 1978, abriron canles diferentes para o desenvolvemento dos modelos de ordenamento xurídico

¹³ Un voto particular de Carles Vives Pi-Sunyer á Sentencia do 12 de marzo de 1993 do Tribunal Constitucional, puxo de relevo a concepción que a maioría que sustentou a sentenza ten sobre o conflito dereito estatal/dereito autonómico en materia civil. Dixo que “continúa perpetuando a configuración do dereito civil do Estado como dereito común ou xeral e os dereitos civís das comunidades autónomas como dereitos especiais, formados por normas e institutos illados e asistemáticos. A xuízo do maxistrado discrepante esta concepción ten menores apoios nos textos constitucional e estatutario que a que defendeu no Pleno e que de forma moi sintética pode resumirse así: a competencia autonómica sobre o dereito civil aragonés esténdese a toda a materia do dereito civil, coa excepción dos ámbitos materiais que o art. 149.1.8 da CE lle reserva ó Estado de forma explícita. O dereito civil aragonés ó que alude o Estatuto de autonomía non pode ser concibido como unha serie máis ou menos residual de normas e institucións illadas e asistemáticas, senón como un sistema normativo dotado da sistematización e conexión interna e da completitude propias dun ordenamento que ten, ademais, constitucionalmente recoñecida a posibilidade de determina-las súas específicas fontes de produción normativa”.

periférico. Situados entre o Estado federal, dificilmente implantable en certos momentos históricos, e o centralismo liberal, como un centro de concordia, tanto unha como outra Constitución regularon o sistema político dentro desa compatibilidade entre o poder central e o poder periférico, aceptando, ademais, as posibilidades de desenvolvemento dun terceiro elemento, integrado polo Estado en sentido global e integral. As competencias en materia de dereito civil, como tantas outras, hai que enmarcalas dentro dese ámbito político global, porque, paradoxalmente, poida que non haxa algo máis público que o dereito privado, polo menos desde as súas consecuencias sobre a actividade dos membros do sistema político.

a. Do dereito foral ó dereito civil de Galicia no Estatuto de 1936

A Constitución de 1931, no seu artigo 15, asignoulle ó Estado español a competencia sobre a lexislación civil en canto á forma do matrimonio, a ordenación dos rexistros e hipotecas, as bases das obrigacións contractuais e a regulación dos estatutos persoal, real e formal, para coordinala aplicación e resolve-los conflitos entre as distintas lexislacións civís de España. A distinción lexislación estatal/lexislacións civís distintas marcaba un dualismo xurídico compatible dentro da organización xurídica de España entre o poder central e os poderes rexionais.

Dentro deste marco constitucional desenvolveuse a competencia nos modelos estatutarios galegos. Antes de formalizarse a competencia de dereito civil no Estatuto de autonomía de 1932, algúns modelos indicaban o estado da cuestión. Inicialmente, comezou no primeiro proceso estatutario formulando un modelo de apéndice de dereito civil galego. No Anteproxecto de Estatuto, aprobado o 4 de setembro de 1932 en Santiago, que era a primeira redacción do Estatuto, seguíase a liña apendicular. No artigo 14, b) dicíase que lle corresponde á rexión galega “A formación dun apéndice de dereito civil galego ó Código xeral”.

No trámite de información pública presentáronse numerosas emendas, algunhas delas tamén á alínea b) do artigo 14. O Partido Republicano Federal de Esquerda Galega propuxo o seguinte texto: “A codificación do Código civil galego e a lexislación civil naquelas materias non reservadas expre-

samente pola Constitución do Estado. O Código xeral será empregado como dereito supletorio”.

Os xuristas Manuel Banet Fontenla, notario de Santiago, Ramón Ferreiro Lago, notario do Carballiño, e Manuel Lezón, rexistrador de Celanova, fixeron contribucións á materia, como deses poucos xuristas que estimaban a transcendencia dun dereito propio de Galicia. Banet propoñía: “En cuanto a la legislación civil, no sólo la codificación del derecho consuetudinario gallego vigente, y del que se establezca, sino también la legislación exclusiva, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 14 número primero de la Constitución, y el artículo 15, base 1ª, debiendo de todo ello formarse un Cuerpo legal del Derecho civil gallego al que aporten las Leyes sucesivas que emanen de la Asamblea legislativa de Galicia. Y en lo administrativo, la legislación en todo lo que esté plenamente atribuído por este Estatuto”. Do mesmo xeito, aínda que utiliza a expresión apéndice foral, pronuncíase nun senso amplo Ferreiro Lago: “La formación de un apéndice foral será extensiva a cuantas materias no aparecen reservadas por el Estado como de su propia jurisdicción. Dicho Apéndice será materia de la Asamblea, previo informe de los Colegios de Abogados, del Notarial de Galicia, Facultad de Derecho de la Universidad Gallega y Sociedades económicas y de agricultores del país”.

Se Banet tiña acreditado o seu galeguismo e o seu agrarismo, como un dos grandes animadores da I Asemblea agraria de Monforte, Manuel Lezón era o autor dun importante libro de dereito consuetudinario. A súa emenda, reproducida na Asemblea de Concellos, dicía: “La formación de un Apéndice de derecho consuetudinario foral de Galicia, a base de la revisión de los informes emitidos por las dos Comisiones oficiales, al efecto, nombradas sucesivamente por el Gobierno; debiendo tener por límites infranqueables la nueva Comisión revisora, que por el Consejo regional haya de nombrarse, el absoluto respeto a lo prevenido en el artículo 12 del Código civil y el 15 de la Constitución. Dentro de esos límites procederá la indicada Comisión a la redacción y articulación del Apéndice de que se trata, precedido de la correspondiente exposición de motivos”. A xustificación do citado anteriormente fíxoa Lezón con estas palabras:

“Integran el aludido Apéndice, que haya de formarse, además del típico de las fundamentales instituciones jurí-

dico-consuetudinarias de índole civil peculiares de Galicia, constituidas por la semipatriarcal compañía familiar gallega, los foros y la aparcería en su doble fase agrícola y pecuaria; aparte otras construcciones secundarias del derecho consuetudinario y de economía rural, como el derecho de poseer y cobrar, dimanadas de la organización de la pequeña propiedad rayana en el minifundio de la tierra, las disposiciones legales complementarias, tales como las concernientes a la redención de foros, subforos y otros gravámenes de análoga naturaleza, que vinieron dictándose en orden al especial régimen jurídico de que se trata”.

Aceptando algunhas emendas, no Proxecto do 1 de novembro, a Comisión ofreceu a seguinte redacción: “La formación de un Apéndice de Derecho civil gallego al Código general, que podrá comprender todas las materias no reservadas al Estado en el artículo 15 de la Constitución”. A Asemblea Rexional de Concellos, o día 19 de decembro de 1932, aprobou a seguinte redacción: “La legislación civil gallega, que podrá comprender todas las materias no reservadas al Estado en el artículo 15 de la Constitución”¹⁴.

b. As limitacións semánticas e as limitacións efectivas do dereito civil galego e o Estatuto de autonomía de 1981

A Constitución de 1978 ofrece outro modelo, máis limitado, de ordenación dos dereitos civís estatal e periféricos. O artigo 149.1.8º da Constitución, no que se afirma a competencia exclusiva do Estado sobre lexislación civil, á parte da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan. Ademais, a Constitución, no mesmo artigo, reservaba a posibilidade de dereito foral ou especial na determinación das fontes, que o Estatuto galego, no artigo 38.3, acolleu expresamente a materia.

A Constitución de 1978 estableceu un novo modelo de organización intersistémica, moito máis limitado que o expansivo que ofrecía a Constitución de 1931. O campo de competencias, ademais de ser restrinxido, era equívoco nos perfís e ambiguo na comprensión do seu alcance. As sentencias do Tribunal Constitucional sobre arrendamentos rústicos de Galicia, que precederon a formación do modelo final que levou á aprobación da Lei 4/95, axudaron a delimita-lo perímetro das facultades do poder galego para a

¹⁴ Baldomero Cores Trasmonte, *El Estatuto de Galicia (Actas y documentos)*, Librigal, A Coruña, 1976. Do mesmo, pero sen nome, *O Estatuto e o plebiscito de 1936, acta notarial das sesións da Asemblea do Estatuto*, Parlamento de Galicia, Santiago, 1986.

comprensión do seu dereito propio. Primeiro, a Sentencia 347/1987, fixou o ámbito de competencias e estatutario, sobre todo no referente ós arrendamentos rústicos. Despois, a 121/1992, permitiu resolver os problemas do papel do costume na comprensión legislativa galega en materia de dereito civil, fixando, como unha vía de expansión da competencia, o recoñecemento do dereito consuetudinario. Despois de coñecida esta sentenza, amainou o debate sobre a dicotomía costume-lei autonómica, abrindo unha canle máis efectiva de cooperación na creación do modelo legal. Na composición de motivos recóllese o estado desa doutrina constitucional.

Pero a formalización de competencias feita polo Estatuto de autonomía de Galicia, do 6 de abril de 1981, foi semanticamente máis limitada que a dos estatutos do País Vasco, Cataluña ou Aragón, que se refiren ó dereito civil propio, o Estatuto de autonomía para Galicia de 1981, no artigo 27.4, acolleu a competencia exclusiva sobre a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións de dereito civil galego.

O Estatuto dos 16 tentou de reproducir-lo modelo rexional do Estatuto de 1936. No artigo 23 regulaba como da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega "a lexislación civil galega, que poderá comprender tódalas materias non reservadas ó Estado no artigo 149.1. 8 da Constitución". No artigo 22, o texto aprobado pola Asemblea de Parlamentarios, o 20 de xullo de 1979, reproducía o mesmo texto. Con esta redacción foi reproducido no *Boletín Oficial de las Cortes Generales* do 20 de xullo de 1979. Entre os motivos de desacordo, o Grupo Socialista, o Grupo Socialista de Cataluña e o do País Vasco, que reproducían os mesmos textos, propuxo a fórmula seguinte: "Conservación, modificación e desenvolvemento do dereito civil especial galego". A ponencia aceptou esta proposta, pero ademais, podou o campo ó incluí-lo concepto de institucións: "Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego". Na sesión do día 20 de novembro de 1979, someteuse a votación un voto particular do Grupo Comunista, que pretendía suprimi-lo inciso "das institucións", pero foi desbotado por 17 votos en contra, 13 a favor e unha abstención¹⁵.

A Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia parte, en definitiva, dun sistema xurídico fraccionado competencialmente.

¹⁵ Para o debate do Estatuto de 1981 nas Cortes, *Boletín das Cortes Xerais*, Congreso dos Deputados, I Lexislatura, 20 xullo, 15, 16, 20 e 21 de novembro, 14 de decembro de 1979, 28 e 29 de outubro e 4 de novembro de 1980.

Hai que entende-las súas eivas e as súas limitacións dentro do sistema xurídico dominante, como un sistema xurídico incompleto e subordinado. En calquera caso, a competencia de dereito civil debe completarse con outras competencias asumidas polo Estatuto de autonomía para Galicia de 1981, como as de agricultura, fundacións, cooperativas, etc., co fin de ofrecer un cadro máis completo das posibilidades do dereito civil galego.

3. A utopía federalista e o dereito civil

Existen propostas de organización federalista do dereito civil no proceso de organización do ordenamento xurídico galego. O Proxecto de Constitución para o Estado galego, aprobado pola Asemblea Rexional do Partido Federal, nas sesións do 5 e 6 de xullo, recoñecía implicitamente a máxima capacidade de disposición civil e de dereito privado ó non establecer límites formais no texto. Considerábase dentro da soberanía “na xestión de canto lle é propio e peculiar”. E así como no artigo 95 se cita a competencia estatal en materia de lexislación mercantil, navegación, entre outras, non se fai ningunha referencia á lexislación civil. O Proxecto da Federación Republicana Galega, aprobado o 5 de xuño de 1931, seguía a mesma tendencia, xa que non incluía o dereito civil entre as materias asignadas ó Estado central. O Anteprojecto de Estatuto de Galicia elaborado polo Seminario⁴ de Estudos Gallegos, no artigo 29, n) asignoulle ó Estado galego a competencia en “lexislación civil”.

A lealdade federal permite a formalización dun modelo de dereito civil máis vinculado á propia realidade social. Non hai que esquecer que, por exemplo, a primeira lei de redención de foros foi promulgada pola I República o 20 de agosto de 1873, debido ó esforzo de Paz Nóvoa, para quedar definitivamente en suspenso polo Decreto do 22 de febreiro de 1874, por mor dos cambios políticos producidos¹⁶. No proxecto de Constitución para o futuro Estado galaico, aprobado pola Asemblea do Partido Federal en Lugo no ano 1887, no seu artigo 10 fíxose constar que non se poderían amortizar nin vincular, “nin impoñer sobre eles (os froitos do traballo) ningunha clase de carga perpétua e irredimible”. Foi ese inciso o resultado dunha emenda de Abuín Sal, defendida na Asemblea, na que expuxo o estado da pro-

¹⁶ Pilar López Rodríguez, *Campesinos propietarios. La redención de foros en la provincia de Lugo durante la I República*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1985.

piedade rústica e urbana en Galicia. Moreno Barcia anunciou que a Comisión aceptaba a emenda, “con tanto máis gusto, cuanto coincide con el Sr. Abuín en desear liberada la propiedad territorial”.

O federalismo reduce o dereito privado á súa propia entidade, de acordo co principio de subsidiariedade¹⁷, sen prexuízo de que algunhas materias deban ser comúns para tódolos membros do sistema político. O sistema do Estatuto de 1932 estaba máis perto dunha concepción federalista do dereito civil. O sistema seguido, en cambio, polo Estatuto de 1981 situábase pegado ó centralismo xurídico de tipo compilatorio, con algunha concesión máis ou menos flexible, derivada dunha repartición de competencias establecida dentro do marco dun Estado unitario e descentralizado.

III.

A formalización diacrónica do modelo de dereito civil de Galicia

1. Da compilación á Lei de dereito civil

A positivación do dereito consuetudinario galego non se ordenou nun corpo xurídico vixente ata o ano 1963. Estaba composta por unha institución xa positivada legalmente, como os foros, e por institucións de dereito consuetudinario. Non pretendía ser completa, pero abría un novo espazo configurado pola relación compilado/non compilado, que chegará a formar parte do espazo autonómico. A Compilación foi unha das primeiras que se redactou, e, de acordo coa liña de desenvolvemento que se foi elaborando co tempo, foi unha das menos ambiciosas. E como, ademais, non chegou a facerse realidade o desexo da súa reforma decenal, quedou nalgunhas, moi poucas, institucións xurídicas.

A incorporación do dereito civil ó dereito autonómico iniciouse coa promulgación da Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a compilación do dereito civil de Galicia. A Lei

¹⁷ Baldomero Cores Trasmonte, *Teoría política e comunicación social*, Santiago, 1993, pp. 155-6.

de 1987 non pretendía derroga-la Compilación de dereito civil especial de Galicia, senón incorpora-la ó sistema xurídico autonómico de Galicia. Pola súa vez, esa lei derogouse pola presente lei. A operación integradora tiña algúns antecedentes. O Parlamento de Cataluña, pola Lei 13/1984, do 20 de marzo, adoptou e integrou no seu ordenamento xurídico a Compilación, aproveitando para introducir certas modificacións. Pola Lei 3/1985, do 21 de maio, o Parlamento de Aragón fixo o mesmo.

Non sería intelixible o fío intrahistórico da lexislación civil galega no seo do dereito autonómico sen lembra-lo papel integrador desa lei. Concretaba o ámbito territorial da eficacia da lexislación civil, que na Compilación era máis extenso. Derrogaba algúns aspectos da Compilación e reformaba outros. O proceso de positivación privatística, iniciado pola Compilación de dereito civil especial de Galicia en 1963, daba orixe, coa Lei de 1987, a unha nova etapa. A etapa compilatoria, sen embargo, non se fechaba coa Lei de 1987, pero daba orixe a un proceso de incorporación do dereito civil ó dereito autonómico. Foi, en definitiva, un acto de asunción de competencias do dereito civil, mantendo provisoriamente a Compilación como texto autonómico, con algunhas modificacións. A Compilación estará vixente, polo tanto, xa como lei autonómica, deixando de ser lei estatal, ata que a Lei 4/1995 a derroga parcialmente, porque, aínda que non queda nada practicamente, non pode desbotarse a posibilidade de subsistencia dalgún elemento vivo, aproveitable dada a fórmula utilizada pola súa cláusula derogatoria.

2. A elaboración diacrónica do modelo legal

A elaboración da lei foi dilatada no tempo e azarosa na tramitación. Xa dentro da evolución histórica, dunha historia recente, case que de xornalismo histórico-xurídico, dentro do réxime autonómico poden establecerse unhas etapas concretas, cronoloxicamente especificables. A proximidade dos acontecementos ofrece algunhas dificultades para a súa comprensión máis clara, pero convén formalizala dalgún xeito. Observando dun xeito diacrónico os modelos que foron elaborándose, feitos que non son alleos ás interpretacións ideolóxicas globais ou xurídicas, cabe ir precisando

o alcance do produto final e do modo como foi cambiando ata cristalizar no xeito definitivo que o levou ata a súa aprobación polo Pleno do Parlamento. Estas fases, ou subfases, se se quere darlle un senso menos transcendente historicamente, poden periodizarse do xeito seguinte:

1ª Etapa:

Formalización do modelo legal de dereito civil galego (1988)

Ata 1988 o modelo a seguir para a inclusión dos obxectos institucionais e a oferta dunha sistemática era o da Compilación de dereito civil especial de Galicia de 1963. As comunidades autónomas que teñan compilacións enténdense baseadas no dereito escrito propio de cada unha delas, seguindo, polo tanto, coa mesma liña compiladora. En cambio, no caso de Galicia, na que a Compilación era soamente nominal, pois non tiña normas escritas que xuntar nun corpo único, pouco se podía avanzar nunha formalización dun modelo galego de dereito civil por unha vía na que a compilación fose o mínimo e a materia extracompilada o máximo. Este binomio compilado/extracompilado, formulado no *Dereito autonómico de Galicia*, en 1987, única obra publicada sobre fontes de dereito propio naqueles momentos, abría canles para un desenvolvemento máis realista do que debía ser un dereito civil galego¹⁸.

A creación da Comisión non permanente de dereito civil galego, aceptando a Mesa do Parlamento de Galicia o día 12 de febreiro de 1988 unha proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reflectiu os problemas que a cuestión suscitaba. A creación de catro ponencias, na sesión do 25 de marzo de 1988, cuestionaba xa a adhesión ó modelo de sistemática alemá xa que, despois do título preliminar, os ponentes debían estudar as obrigas e contratos, os dereitos reais e o dereito de familia e sucesións. Nesa mesma sesión manifestábase xa o desexo de supera-la compilación, formalizando un corpo xurídico propio de Galicia.

Nesa mesma sesión formulouse xa un dos problemas que definirá o *iter* ideolóxico do modelo de dereito civil galego. A falla dunha tradición xurídica foral ou compiladora integral, que non debe confundirse coa falla de tradición xurídica, a incidencia das ideoloxías extraxurídicas e, incluso,

¹⁸ Baldomero Cores, *Dereito autonómico de Galicia*, Xerais, Vigo, 1987.

xurídicas, manifestouse abertamente. As fontes do dereito van se-lo gran motivo de escisión entre dúas posicións. Paradoxalmente, o título preliminar, por esta incidencia ideolóxica, vai se-lo derradeiro en ser aceptado por todos, como unha concordia, máis que como unha solución definitiva. A inasistencia dunha das fraccións ideolóxicas vai deixar orfos de lexitimidade os esforzos da Comisión. A disposición adicional primeira naceu no seo desa escisión ideolóxica como un intento de integración das dúas tendencias.

Na sesión do 8 de abril de 1988 encargóuselle ó representante do servizo xurídico a presentación dunha proposta de título preliminar. O resultado traducíuse nunhas *Liñas xerais para un título preliminar dunha Lei de dereito civil propio de Galicia*, repartido na Comisión na sesión do 25 de marzo de 1988 e aprobado provisoriamente o mesmo día, como instrumento de traballo. Curiosamente, falábase no documento do obstáculo do costume contra leis imperativas, pero non en xeral, senón da Comunidade Autónoma, que logo alcanzou vixencia na Lei 4/1995, pero xa en xeral.

Unha materia que ofrecía discusión no seo da Comisión era a de ámbito persoal da lei. Na sesión do 22 de abril de 1988 polarizouse en dúas tendencias. Por un lado, a dos que pretendían que o Estatuto persoal se rexera polo artigo 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, de xeito que, paradoxalmente, desaparecía tal Estatuto persoal, absorbido polos efectos mecanicistas que ten no aspecto territorial, ó asentarse sobre a veciñanza administrativa. A proposta do representante do servizo xurídico na Comisión, sobre todo ofrecendo algúns exemplos de experiencia consular, pendurábase cara á institucionalización da veciñanza civil, xa que o modelo por crear de dereito propio había de afectar ás relacións contractuais, de familia e sucesións. A súa cristalización nos modelos posteriores, sen embargo, ofreceu as pegadas deste debate, pero, finalmente, prevaleceu a veciñanza civil sobre a condición política de galego que regula para outros efectos o Estatuto de autonomía para Galicia.

A construción das demais institucións foise facendo decote. Na sesión do 22 de abril de 1988, Lorenzo Merino informou sobre arrendamentos, parcerías, cooperativismo e o vitalicio, lembrando algunhas das propostas do I Congreso de dereito galego. Na sesión do 6 de maio de 1988, Gutiérrez Aller ofreceu un modelo de texto articulado de familia e sucesións. Gonzalo Adrio presentou o borrador

para a regulación das contribucións e abondamento, recollendo as conclusións do I Congreso de dereito galego. O día 24 de xuño de 1988 incidiuse con máis detalle nos contratos, sendo relator Lorenzo Merino, ofrecendo un texto articulado.

Deixar a un lado a regulación do cooperativismo consuetudinario galego, inicialmente previsto, non foi unha boa medida da Comisión. Coidaba a representación xurídica da Comisión que debía incluírse un apartado sobre a formalización do cooperativismo enxebre. Pola vía da competencia estatutaria en materia de cooperativas é pouco, naturalmente, o que se pode facer, dado o limitado das atribucións. A Comisión, na sesión do 22 de abril de 1988, aceptou, cando menos, a súa formulación xeral, sen entrar en detalles, para desaparecer logo na sesión do día 24. Ten Galicia unha enorme riqueza en materia de cooperativismo e de mutualismo enxebres. Os arquivos xerais e particulares de Galicia acollen un enorme conxunto documental, no que son materia viva e de alto contido social, en materia de gando, sobre todo. Pola vía consuetudinaria, como materia estritamente civil, a vía que pode abrirse é moito máis rica.

O traballo quedou incompleto, como se fose o xérmolo dun modelo que non chegou a callar no dereito positivo. O nerviosismo ou a expectativa dos debates presupostarios puido máis xa que o modelo de dereito civil de Galicia. Na sesión do día 14, e logo xa na derradeira do 28 de outubro de 1988, estaba claro que o traballo da Comisión remataba. A falla dunha presenza de tódalas perspectivas facía difícil o avance cara a unha lei aceptada por todos. Algúns expertos quedaron en ofrecer dunha forma máis depurada o seu traballo, pero o remate do período de sesións, e logo da lexislatura, deixou, polo momento, orfo aquel esforzo de formalización dun modelo de dereito civil de Galicia. Habería que esperar, pero o camiño estaba xa empezado.

No modelo lexislativo que se creaba estivo a piques de incorporarse recurso de casación en materia de dereito civil de Galicia, pero logo, cambiouse a estratexia. A Mesa, na súa reunión do 30 de abril de 1991, visto o escrito presentado polos membros da ponencia conxunta para elaborala Proposición de lei sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia, no que se propoñía que se suspendesen os traballos da mesma en tanto que non se definise a tramitación da proposta de compilación do dereito

civil especial de Galicia, acordou deixa-lo asunto pendente de resolución e oíla Xunta de Portavoces respecto das alternativas posibles: tramitación conxunta, simultánea ou sucesiva de ámbalas dúas iniciativas. Xustifica a súa posición en que tendo coñecemento de que na data do 22 de marzo de 1991, núm. 3.849, tivo entrada no Rexistro do Parlamento unha proposta de revisión da compilación do dereito civil especial de Galicia, así como da existencia do traballo en Comisión elaborado na anterior lexislatura, o que presentaba a posibilidade de que as normas de carácter substantivo precedesen na súa elaboración ás de procedemento ou de que, polo menos, as normas adxectivas puidesen elaborarse en conexión coas substantivas, ou incluso prevendo a posibilidade de que un texto común integrase as normas de dereito substantivo e de dereito procesual para o que se aduciron diversos exemplos, entre eles o da propia compilación do dereito civil especial de Galicia vixente.

2ª Etapa:

A dialéctica dos modelos e a Proposición de lei sobre o dereito civil de Galicia (1993)

A escisión ideolóxico-xurídica non deixou de manifestarse en momentos posteriores. Na data do 22 de marzo de 1991 tivo entrada no Parlamento de Galicia unha proposta para a elaboración dun texto lexislativo relativo ó dereito civil de Galicia, presentada por ex membros da Comisión non permanente de dereito civil de Galicia constituída na segunda lexislatura. A devandita Comisión, tal como explicaban os redactores da proposta, tiña por finalidade, seguindo o proceso que iniciara a Lei 7/1987, do 10 de novembro, a formación dunha proposta lexislativa sobre a compilación do dereito civil de Galicia; froito esencial do labor da Comisión, na que estaban representados tódolos grupos parlamentarios da Cámara, é o texto que presentaban na condición de ex membros daquela Comisión e de responsables da dirección e redacción do mesmo. Calquera traballo feito durante a tramitación dun texto no seo dun órgano parlamentario é xa traballo parlamentario, polo que debía ser presentado por membros da Cámara, pero a Mesa aceptouno e deu paso a un novo proceso de formación interna do dereito civil galego.

O Consello da Cultura Galega, na data do 11 de xullo

de 1991, presentou no Rexistro do Parlamento de Galicia un traballo sobre o dereito civil galego, xustificado a prol da estreita colaboración do Consello co Parlamento, pero con acento de réplica. Xustificábase a proposta do Consello na idea de evitar ó máximo calquera tentación de elaboración á marxe do que sempre se considerou como tradición xurídica galega, polo que ó elenco de institucións xurídicas contidas na compilación do ano 1963 se lle engadiron todas aquelas que, aínda sen estaren recollidas nesa compilación, é sabido que seguían estando vivas na consciencia do pobo galego e reguladas polas súas normas consuetudinarias, aínda que fose en contradición con disposicións de dereito común ou xeral¹⁹.

A ponencia encargada da elaboración dun texto legal remitiulles os dous modelos a unha serie de entidades e individuos relacionados co dereito. A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, presidida por Xosé Antonio García Caridad, estimou que o proxecto do Consello era máis idóneo, “por máis acomodado a la idea que esta Academia tiene –en la misma línea seguida por los dos magnos Congresos de Derecho Gallego– de nuestro Derecho civil”, así como “porque resuelve las cuestiones o problemas básicos de parte general o dogmáticos”. O Departamento de Dereito Común, así como soa, da Universidade de Santiago fixo unha descrición máis coindicente co modelo dos ex membros da Comisión. A facultade de Dereito do campus de Ourense mantivo unha liña moi parella, con algunhas ideas máis, inclinándose polo modelo dos ex membros da Comisión. O debate ideolóxico-xurídico, como se observa, desbordaba os muros parlamentarios para afirmarse noutras institucións, orientadas segundo o modelo inspirado por cada un dos grupos.

O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Vázquez Sandes, tamén emitiu a súa opinión, inclinándose por un modelo baseado no “plan modélico, o que estimo máis completo, encontrámolo nos traballos desenvolvidos e nas conclusións obtidas durante as xornadas do I Congreso de dereito galego celebrado na Coruña no ano 1972”, o que significaba unha indirecta preferencia polo modelo do Consello.

A Proposición de lei sobre o dereito civil de Galicia publicouse, finalmente, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 399, do 27 de abril de 1993. O debate da toma

¹⁹ En *Foro Gallego*, 1992, número 184, están publicados os dous modelos, pp. 9-59, cun limiar de Gabriel Nieto Álvarez-Uría titulado “Ante dos opciones para el derecho civil gallego”. Fernando J. Lorenzo Merino: “El derecho civil de Galicia y la propuesta de Compilación del 22 de marzo de 1991”, Santiago, 1992; Fernando Lorenzo Merino: “El derecho civil de Galicia y la propuesta de Compilación del 22 de marzo de 1991”, Santiago, 1992.

en consideración celebrouse no Pleno da Cámara do 11 de maio de 1993. O produto significaba xa un gran avance, na medida en que o lexislador dispoñía dun texto propio, o que lle permitía teoricamente ser presa e menos tributario de influencias esóxenas e de escisións ideolóxicas. O modelo parlamentario de dereito civil, sen embargo, non sempre podía acocha-lo que, inevitablemente, tiña de texto ecléctico, do que os propios civilistas poderían chamar aluvián, recollendo institucións ou matices dos modelos orixinais, encanándose entre si, mellorándose ás veces, mediante unha depuración, pero non sempre, debido ás dificultades producidas pola discrepancia existente entre as tendencias que influían nos lexisladores²⁰.

3ª Etapa:

O modelo lexislativo formalizado legalmente (1995)

O 22 de xuño de 1994 retomouse o texto da proposición, nun escrito remitido polos deputados que foran membros da Ponencia e con novas incorporacións. A Ponencia escoitou a dous expertos por banda. Para tal efecto, o día 19 de decembro de 1994 tivo lugar unha reunión sobre contratos, á que asistiron Pardo Castiñeiras e Lorenzo Merino; o día 9 de xaneiro de 1995 tivo lugar a segunda das reunións, sobre dereito sucesorio, á que asistiron Gutiérrez Aller e Nogueira Romero; e o día 10, tamén de xaneiro, tivo lugar a reunión proxectada sobre dereitos reais, á que asistiron en calidade de especialistas García Ramos e Moure Mariño. Remitiron, ademais, documentación especial, nalgúns casos articulando artigos con vistas á súa consideración pola Ponencia, Gutiérrez Aller, García Ramos, Lorenzo Merino e Pardo Castiñeiras, o que constituíu un material importante para que a Ponencia puidese emitilo seu parecer coa máxima precisión que é posible en tan complexa materia.

A Comisión 1ª, institucional, de Administración xeral, xustiza e interior aprobou o seu Dictame na sesión do 24 de febreiro de 1995, aceptando sen dificultades o texto elaborado pola Ponencia, dándolle autorización, ademais, para introducir algunhas modificacións puramente técnicas. Este tipo de autorizacións son moi perigosas, polos problemas que pode traer e pola inseguridade xurídica que pode producir, polo que é de esperar que non sirvan de precedente. A distancia entre a reparación técnica, depuración chamoulle

²⁰ Fernando Lorenzo Merino, "Un dereito civil para Galicia. La propuesta legislativa de Compilación de dereito civil de 22 de marzo de 1991", *La Ley*, Madrid, 5 de maio de 1992; Baldomero Cores Trasmonte: "As fundacións galegas e o dereito fundamental de fundación (I) e (II)", *Revista Outeiro*, Santiago, decembro de 1984 e abril de 1985.

o representante do servizo xurídico, e a cuestión de fondo non sempre pode ollarse a simple vista²¹.

A concordia iniciada nos derradeiros momentos da ponencia, que significou a renuncia á defensa das emendas e a transixencia sobre diversos artigos, mantida logo na Comisión, onde xa non se debateu o texto, tivo o seu cumio no Pleno do 20 de abril de 1995. Rematou por ser un acto solemne, con invitados na tribuna e unha grande difusión nos medios de comunicación social. Ningunha lei anterior do Parlamento de Galicia, nin a da lingua, nin a da galeguidade, nin ningunha das de desenvolvemento básico tivera esa vertente oficial e protocolaria²².

IV.

A morfoloxía, a estrutura e a sistemática da Lei

1. O plan e a sistemática

O plan e a sistemática da Lei de dereito civil de Galicia son o resultado dun contraste dialéctico entre perspectivas ideolóxicas diferentes no que á política legislativa se refire. En relación co plan e coa sistemática, o contido institucional ou as relacións xurídicas que regula reciben un tratamento diferente. O modelo cambiaba pouco con respecto ó publicado en 1993 ata a parte dedicada a sucesións. Só o cambio de sistemática en varios aspectos complicou a elaboración, ata tal punto que moi ben puidese dicirse que foi a lei máis complicada na súa sistematización que produciu de momento o Parlamento de Galicia. De non contar coa axuda das computadoradoras, que permitiron facer ese ingrato labor con algunha maior facilidade, os problemas de ordenación daqueles materiais podían ser moi complicados. Por mor dunhas emendas, en troques, introduciuse no título VIII, dedicado ás sucesións, un capítulo IV, sobre as lexítimas, e un capítulo V, sobre a sucesión intestada.

O plan da Lei 4/1995, despois dun título preliminar, segue a secuencia sistemática de dereitos reais, contratos, familia e sucesións. Non seguía a sistemática da Compila-

²¹ No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* poden consultarse os distintos modelos publicados:

■ No número 399, do 27 de abril de 1993, publicouse o texto da proposición de lei.

■ No número 90, do 23 de xuño de 1994, publicouse o modelo pendente da lexislatura anterior.

■ No número 159, do 15 de novembro de 1994, publicáronse as emendas.

■ O Informe de Ponencia publicouse no número 212 do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 22 de febreiro de 1995.

■ O Dictame aprobouse no nº 223, 11-3-95, ó que seguiu a depuración técnica no número 243, do 6-4-1995.

■ O número 264, do 16 de maio de 1995, publicou o texto da lei, aprobada polo Parlamento de Galicia.

²² *Diario de Sesións*, sesión plenaria, 20 de abril de 1995, número 57, IV lexislatura. Punto único: Debate e votación do Dictame de lei de dereito civil de Galicia, a iniciativa dos GG.PP. Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

ción de 1963, na que, despois do título preliminar, o título I lles estaba dedicado ós foros, o II á compañía familiar galega, o III á parcería, o IV o dereito de labrar e posuír e o V ás formas especiais da comunidade. A secuencia da Lei 4/1995 segue a liña do sistema xermano, inspirado inicialmente, por Savigny. Mentres que a do Código civil que é a propia do modelo romano, a lei, incorporando novas tendencia doutrinais e, incluso, dalgúns códigos, utiliza xa o modelo moderno.

Non son de esperar disfuncións nin problemas de interpretación derivados da distinta ordenación seguida. En calquera caso, de facerse modificación no futuro, non é dubioso que máis ben tería que producirse no Código civil, xa que o método romano-francés vai perdendo adeptos. Pode, ademais, que no futuro, nin un nin outro modelo sexan os utilizados, xa que os cambios na regulación do dereito privado, as incidencias do dereito administrativo e doutras formas de regulación xurídica, poden ir alterando os modelos de sistematización. A mesma regulación dos títulos preliminares significou, por exemplo, unha ruptura nos modelos romano ou xermano, o que pode suceder no futuro con outros aspectos da regulación xurídica.

a. *A composición morfolóxica da lei*

Cuantitativamente, a lei está composta por 170 artigos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria e unha derradeira. Os títulos forman grandes unidades de obxectos ou de conceptos que, pola súa relevancia, merecen un apartado moi especial. Non se utilizaron os libros, como no Código civil, porque as dimensións da lei non merecían tal distribución interna. A magnitude dos títulos é variada, pois hai nos, como os arrendamentos e parcerías, que teñen trinta e nove artigos, mentres que outros teñen un só, como os títulos da ausencia ou da graciosa. En cambio, non se distinguen as unidades ou artigos por separadores semánticos, por estimarse pouco funcional, malia a súa positivación por normas do executivo estatal²³.

Comparada con outras leis do Parlamento de Galicia pode integrarse no grupo das leis extensas tomando como tales as que teñen máis de cen artigos. Utilizando unha simple morfoloxía cuantitativa, simplemente o tamaño da norma pode dar algunhas pistas sobre algúns aspectos que

²³ Baldomero Cores, *Estructura política de Galicia, sobre a morfoloxía dos estatutos e da lei en xeral*, pp. 89-112.

subxacen na lexislación. Aínda que teña certo coeficiente persoal, pois nunha lei breve pode ser complexa, a magnitude do modelo pode ofrecer algún dato para unha interpretación técnico-xurídica da norma. Utilizando un espectro secuencial, que vai de modelos lexislativos breves a grandes, pasando por uns medios, o predominante na lexislación galega son os textos pequenos. Tiñamos pensado ofrecer un modelo máis formalizado da comprensión da lei segundo a extensión, pero, despois de elaboralos datos, seguindo a produción lexislativa galega, desbordaba as posibilidades deste traballo. Quede para outro día.

b. O título e a formación diacrónica da lei

A lei publicouse coa numeración e denominación de Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia. Utilizaba a mesma expresión que a Lei 77/1987, do 10 de novembro, sobre a compilación do dereito civil en Galicia, en canto á materia. Sen embargo, deixaba de utiliza-lo substantivo "compilación" e o adxectivo "especial", para deixalo espido de connotacións subordinadas de calquera outro poder que non fose o autonómico. Na proposición de lei publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 399, do 27 de abril de 1993, denominouse correctamente como lei sobre o dereito civil de Galicia, aínda que ese "sobre" sobrou logo. Sen embargo, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 16 de decembro de 1993, ó constituí-la ponencia, chamoulle Proposición de lei de dereito civil especial de Galicia. Con tal título publicouse logo no *Boletín* do 23 de xuño de 1994, pero, atendendo a emendas do G.P. Bloque Nacionalista Galego e G.P. dos Socialistas de Galicia, suprimiuse a palabra especial, xa impropia da lei galega.

O adxectivo "especial", certamente, aplicado ó dereito civil tiña unha conexión subordinada co Código civil, pero incluso dun xeito máis subordinado que o que tiñan as leis especiais que se separaran do mesmo código. Os artigos 13 ó 15 do Código utilizan a expresión dereitos especiais ou forais como contrapostos ó dereito civil común. A primeira Compilación, a de Biscaia e Álava, aprobada pola Lei do 30 de xuño de 1959, e a última, a de Navarra, aprobada pola Lei do 1 de marzo de 1973, sen embargo, levan o nome de "foral" en vez de "especial", mentres que a de Aragón, aprobada o 8 de abril de 1967, non levan ningún cualificativo.

Por non chamarse Código, o modelo legal galego chamouse lei sinxelamente. O fetichismo xurídico, que tanto inflúe sobre todo no civilismo, pola súa tradición e o seu excepcional desenvolvemento histórico, dificilmente aceptaría unha denominación que parece reservada en exclusiva ó Código civil, ata que calquera faga uso de tal dereito dentro da súa propia competencia, por suposto.

2. A lingua da lei

Durante todo o proceso de formación interna da lei, a lingua utilizada foi o galego. Distinguíase, pois, da Compilación de dereito civil especial de Galicia, de 1963, e de tódolos precedentes, nos que a lingua empregada foi o castelán. Os precedentes utilizados estaban, así mesmo, en galego. En cambio, non faltan informes de invitados a colaborar que responderon ós cuestionarios en castelán. Na práctica, a lei presentou numerosos problemas lingüísticos. A interdicción da palabra “finca” no galego significou un gran esforzo de substitución por outras palabras, como “leira”, “predio”, etc. Algúns dicionarios, como o de Rodríguez, utilizan indistintamente “petrucio” ou “patrucio”, para identificar a figura. Deixouse, sen embargo, como se usa habitualmente polos xuristas desde o século XIX, para non extorsionar demasiado a metalinguaxe xurídica, e non producir, con iso, dificultades en canto á seguridade xurídica.

O lingüista Xosé Torres Romar, membro da unidade de tradución do Parlamento, que colaborou na preparación do texto, fixo para nós e por solicitude nosa, uns apuntamentos que nos revelan os problemas que a lei formulaba en relación coa lingua. Comeza sinalando que esta lei non só recolle o léxico propio de calquera texto lexislativo que aproba a Cámara, senón que abrangue un amplo abano obxecto da materia que se lexisla: o dereito civil de Galicia. Así mesmo, esta materia lexislada asimila un léxico propiamente galego e que se podería considerar a piques de entrar na historia da memoria colectiva do pobo galego polo seu reducido e limitado uso para as novas xeracións da poboación, polos cambios sufridos no mundo rural nas dúas últimas décadas.

Continúa dicindo que, desde o punto de vista lingüístico podemos considerar esta lei coma unha amálgama lexis-

lativa de conceptos comúns e de conceptos especificamente galegos do dereito civil, os cales nalgún caso se incorporan ou reintroducen na súa forma galega na linguaxe do dereito castelán. Non debemos esquecernos tampouco de sinalar que este dereito civil dos usos e costumes propios reflicte tamén unha linguaxe xurídica cun carácter tradicional e clásico, sinala. Dentro da súa especificidade propiamente galega, a Lei 4/1995 do dereito civil de Galicia abrangue unha serie ampla de campos semánticos e de termos lingüísticos ben definidos e diferenciados.

En relación cos campos semánticos concretos, o lingüista destaca o seguintes: 1) As institucións xenuinamente galegas: a veciña, o lugar acasado, a graciosa, o petrucio, o vitalicio...; 2) Os servicios públicos de usos, tales como os de paso –serventía, servidume–, os de comunidades de augas tanto públicas –abrollar, augas de torna a torna e de pilla pillota– coma privadas –os muíños de herdeiros–, etc.; 3) A composición das unidades de cultivo ou explotación: agro, agra, vilar...; 4) A designación específica das terras de cultivo. Neste caso para o termo castelán “finca” temos varias correspondencias na lei galega, segundo o propio contexto en cada caso, “leira”, “predio”, “terras”... neste sentido non debemos esquecer que a tradición en Galicia é a de recoñecer cada predio pola súa funcionalidade específica; 5) A configuración do terreo agrícola: arró, cómaro, ribazo, etc.; 6) As persoas que usan ou posúen a terra e os bens: propietario, copropietario, parceiro, arrendador, arrendatario, propietario, dono, caseiro, cedente, poñedor...; 7) A unidade familiar: petrucio, cónxuxe, sucesor, ascendente, descendente, etc.; 8) As figuras xurídicas tocantes ós temas sinalados anteriormente: parcería, bo labrego, casa de labor, casar para a casa, nu propietario, actos *inter vivos* e *mortis causa*, herdanza... Neste apartado tamén son de destacar pola súa grande riqueza catro campos semánticos máis que aparecen profusamente na Lei 4/1995 do dereito civil de Galicia e resultan de suma importancia para as fontes léxicas no noso dereito; 9) O do léxico económico do mundo rural. Este é o campo máis representativo e de máis significación, e del poderíamos extrae-los seguintes subgrupos:

- * socio, beneficio, negocio, mercado, contía, prezo, valor, ganancia, perda, pagamento, crédito, venda, aboamento, cota, débeda, importe, gasto, custo, custas, capital, diñeiro...;
- * imposto, contribución, seguro, haber, remanente, inte-

rese, carga, rédito, activo, inventario, liquidación, déficit...; * adquirir, vender, arrendar, valorar, repartir, pagar, indemnizar, gravar, liquidar, deducir, achegar, prorrogar...; 10) O léxico referente á contratación: contrato, propiedade, titularidade, doazón, transacción, adxudicar, outorgar, incumprimento...; 11) O que atinxe á herdanza: testamento, partilla, sucesión, escritura pública, usufructo, herdeiro, deferir...; 12) O léxico das relacións sociais familiares, do que destacamos termos como matrimonio, casamento, casar, cónxuxe, emancipación, manutención, vestimenta, incapacidade, enterro, falecemento...; 13) E como non, de orixe no seu desenvolvemento no mundo rural, o léxico predominantemente cun carácter agrario: labor, maquiá, peza, esterco, tosqeo, pacer, eira, curral, semoventes, esterco, cogomelos, extracción do mel, leña, demoucas, podas, follas das árbores, cultivar, etc.

A traducción da lei ó castelán, de carácter preceptivo para a súa vixencia e publicación no *Boletín Oficial do Estado*, tamén ofreceu non poucas dificultades. Algunhas cousas eran intraducibles, como o cómaro, arró, agra ou vilar, pois aínda que, nalgúns casos tiña algunha equivalencia en castelán, facíase imprecisa. Optouse, en consecuencia, por mante-las expresións en galego, pero utilizando a cursiva como elemento de peculiaridade²⁴.

V.

O título preliminar

1. O sistema xurídico e o ordenamento xurídico de Galicia

O título preliminar do Código civil está integrado por unha serie de normas de dereito público, que moi dificilmente se compadece coa natureza das relacións privadas que pretende regular. Moitas desas normas, en realidade, deberían formar parte da lexislación constitutiva do bloque de constitucionalidade, por ser normas de dereito público e, en casos, de dereito fundamental. Este título do Código civil acolle 10 artigos, divididos en cinco capítulos, sobre as fontes do dereito, a aplicación e a eficacia das nor-

²⁴ Baldomero Cores Trasmonte, *O sistema político e a cohabitación lingüística na Galiza*, I Simpósio Internacional de línguas europeas e lexislacións, Comisión das Comunidades Europeas Santiago, 1992, pp. 223-282.

mas xurídicas, as normas de dereito internacional privado e o ámbito de aplicación dos réximes xurídicos coexistentes no territorio nacional.

Precisamente este título preliminar foi motivo de reformas importantes en varias ocasións e, limitando os cambios á etapa constitucional houbo reformas sobre filiación, patria potestade e réxime económico-matrimonial, e dun xeito especial a regulación do divorcio, a tutela e a adopción. Tales reformas influíron no anovamento doutras compilacións, como a de Aragón sobre filiación ou a de Cataluña sobre adopción, así como a idade dos dezaioito anos en Navarra, pero non afectou sensiblemente a Galicia, polo que, as poucas reformas que puidesen facerse neste senso fixéronse xa na lei de integración da Compilación no dereito autonómico.

Como normas de dereito público dificilmente podían ser reguladas pola lexislación autonómica de Galicia. Soamente o artigo 38 do Estatuto de autonomía podía facilitala incorporación dalgúns de tales aspectos á lexislación autonómica. Primeiro, a exclusión doutro dereito que non sexa propio e a determinación das fontes abrían as canles para a regulación do título preliminar.

Seguindo a liña trazada polo Código civil, as compilacións do dereito civil especial das distintas rexións incorporaron, tamén, senllos títulos preliminares. Moitas das materias que regula son máis propias da Constitución ou dos estatutos de autonomía que da regulación civil, polo carácter de dereito público que teñen. A Constitución e o Estatuto, sen embargo, fan remisión á lexislación civil.

O título preliminar da Lei 4/1995 está integrado por cinco artigos, nos que se definen as normas que constitúen o dereito civil de Galicia, o valor do costume, os principios xerais, o valor supletorio do Código civil e a eficacia territorial e persoal da lei. Todas elas son materias que están reguladas polo miúdo no título preliminar do Código civil, constituíndo a lei galega unha concreción normativa ó dereito galego.

O dereito civil de Galicia, segundo o artigo primeiro da Lei 4/1995, é o conxunto de usos e costumes propios, das normas contidas na mesma lei e nas demais leis galegas que o conserven, desenvolvan ou modifiquen. O adxectivo "proprio" referido ó uso e costume é unha palabra que quedou un tanto descolgada do seu contexto inicial, cando existía a

²⁵ Consello da Cultura Galega: "Fontes de dereito civil galego", *Foro Gallego*, 1992, número 184, pp. 61-69. Xosé Seoane Iglesias, "Posible determinación de las fuentes del derecho civil gallego", *Foro Gallego*, A Coruña, 1993, número 186, pp. 23-34.

No parágrafo 4º do preámbulo da lei dise como segue: "De singular transcendencia para o dereito civil galego é o artigo 38 do Estatuto de autonomía, expresivo das fontes do dereito propio de Galicia. No seu parágrafo terceiro di que "na determinación das fontes do dereito civil o Estado respectará as normas do dereito civil galego". A presente lei, no seu título preliminar, fai uso desta facultade especificando nidiamente que o dereito civil de Galicia estará integrado polos usos e costumes propios non compilados de dereito civil especial de Galicia e polas demais leis galegas que o conserven, desenvolvan ou modifiquen. Nos demais artigos do título preliminar complétase o marco das normas do dereito civil de Galicia dentro das máis estrictas previsións constitucionais e estatutarias".

idea de compilación. Para non crear unha cacofonía con Galicia e non dicir "de Galicia" deixouse sen unha precisión lingüística axeitada tecnicamente, se ben é perfectamente intelixible. A voz "propio" vén te-lo mesmo sentido que ten a lingua ou os símbolos no Estatuto de autonomía, como elementos de autoctonía. O artigo non define o marco material da lei, separando o dereito privado doutros, senón soamente describe as fontes de emanación da xuridicidade civil galega. O límite, segundo o artigo 3, é o Código civil e demais leis civís comúns, supletorias do dereito propio galego.

Hai outras leis que, desenvolvendo competencias especiais recollidas polo Estatuto de autonomía de 1981, regulan institucións ou relacións xurídicas de dereito privado. A Lei 10/1985, de concentración parcelaria; a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais comunais; a Lei 3/93, do 16 de abril, das parcerías e dos arrendamentos rústicos; a Lei de fundacións de interese galego. Entre estas leis e a Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia, existen, nalgúns casos, conexións moi directas. Hai leis que desde unha perspectiva administrativa teñen unha excepcional incidencia no dereito privado, como a lexislación de consumo, a do solo ou a do patrimonio cultural.

2. As fontes de dereito civil galego

O problema das fontes do dereito civil creou un gran debate entre as dúas tendencias doutrinarias que tentaban de crea-lo modelo de dereito civil de Galicia. O mesmo artigo 38 do Estatuto, na súa alínea terceira, prescribiu que na determinación das fontes do dereito civil, o Estado respectará as normas de dereito civil galego. Tal artigo foi o resultado dunha asunción de competencia posible pola redacción do artigo 149.1.8º, no que se di literalmente que lle corresponde ó Estado a determinación das fontes do dereito, con respecto ás normas de dereito foral ou especial²⁵. Pero, o problema da determinación das fontes foi especialmente polémico, polas cuestións que suscitou nun dobre senso:

a. *Costume versus lei*

O costume ocupou, no proceso de formación interna da lei, un dobre papel. Por un lado, operou como alicerce cons-

titutivo dun dereito consuetudinario e, xa máis concretamente, como un instrumento de existencia de relacións xurídicas propias, emerxentes das propias realidades sociais do país galego. Por outro lado, como unha fonte de dereito e como un medio de interpretación do dereito galego.

A formulación denotativa do articulado acocha unha longa e, ás veces, tensa discrepancia dialéctica entre as posicións científicas e ideolóxicas que se manifestaron desde o principio da elaboración da lei. Se as prenoções ideolóxicas eran anteriores á formulación técnico-xurídica ou derivaban dela, xa non vale a pena describilo agora. O campo asociativo binario costume/lei autonómica aparecía como o obxecto dun debate sen aparente solución. Só cando se cambiou a estratexia no proceso da elaboración e se traballou primeiro sobre aspectos máis xurídicos, foi posible adiantar na creación do modelo legal²⁶.

O primeiro obstáculo estaba na prioridade que debía dársele ó costume ou á lei autonómica. Non se negaba o papel configurador do Parlamento de Galicia, senón ata onde podía chegar no seu intento de facer unha lei o máis completa posible. Ata o último momento, se ben xa sen pulos, tentou de facerse unha enumeración na que fose antes a lei que o costume. O que se pretendía era que a relación normativa fose unha enumeración e non unha prelación de normas. Pero, claro, como a comunicación por algún elemento ten que empezar, non tiña solución máis que cedendo algunha das partes. O artigo primeiro quedou, polo tanto, baldeiro de calquera prelación ou xerarquía normativa, como unha simple enumeración das normas xurídicas.

O conflito non estaba ben formulado loxicamente. Ninguén negaba nin o valor da lei nin o do costume como fontes do dereito. No fondo era unha forma indirecta de resolverlo problema da incapacidade de regular con plenitude o propio dereito civil. O réxime de competencias fixado pola Constitución e polo Estatuto de autonomía deixaba o dereito galego nun desenvolvemento axeitado de facelo utilizando as posibilidades da lei galega. En cambio, a capacidade competencial ampliábase pola vía do recoñecemento, conservación e depuración do costume. Sen ese sustrato consuetudinario dificilmente pode adiantarse moito no desenvolvemento dunha competencia tan restrinxida constitucional e estatutariamente.

²⁶ No parágrafo 6º do preámbulo, publicado no modelo de 1993, suprimido logo pola ponencia, a lei facíase eco do debate nos termos seguintes: "Dúas tendencias doutrinarias manifestáronse en Galicia por mor das posibilidades de demarcación do ámbito material no que debería desenvolverse o réxime xurídico do dereito civil galego. De acordo todos nas institucións que había que regular por unha lei propia de Galicia, practicamente conformes en canto á forma e ó contido das institucións que debían fixarse normativamente dentro do novo réxime legal, o debate presentábase en distinta posición doutrinal sobre o papel do costume ou o que lle correspondía á Comunidade Autónoma, concretamente ó Parlamento de Galicia, na elaboración do dereito civil galego. O debate alcanzou alto nivel doutrinal e sobrepasou o ámbito estritamente xurídico. Non faltan tintes emocionais na defensa das posicións, o que aínda

facía máis vivo o sentido das interpretacións. A Ponencia escoitou vivamente compracida, as distintas tendencias, expostas con alto rigor xurídico polos seus defensores. Escoitou, así mesmo, organismos especializados e numerosos expertos en dereito civil galego. Tentando ser fiel ás distintas posicións articuladas aquelas fórmulas que permitiron un texto que pode, dunha vez, interpreta-lo dereito civil galego no sentido máis axeitado ás previsións constitucionais e estatutarias". En canto á Comisión do executivo, Decreto 71/1984, do 23 de febreiro, polo que se crea a Comisión Superior para o Estudo do Desenvolvemento do Dereito Galego; pola Orde do 1 de abril de 1987, constituíuse a Ponencia da Comisión para o estudo do desenvolvemento do dereito galego. Creouse, en definitiva, un concepto de institución-parapeto, que podería explicar graficamente a tensión entre as distintas tendencias.

Non se acepta o costume contra lei por imperativo do disposto no artigo 1 do Código civil, que rexe en defecto de lei aplicable, como di a Sentencia do 14 de maio de 1981. A lei galega traslada o costume do seu ámbito de expresión externa e social a un ámbito escrito, que se considera máis eficaz para a seguridade xurídica. Vén ser unha codificación escrita dunha norma que ten a mesma validez, aínda que non a mesma eficacia. O sistema queda aberto a novos costumes, pero os que se escriben deixan de ser costumes e pasan a ser pautas escritas de comportamento.

A lei galega, de acordo con esta disposición e coa doutrina xurisprudencial, ocupará agora o baldeiro que puidese existir en relación con calquera costume contrario a ela. A axilidade do labor parlamentario consistirá en facer que calquera costume contrario á lei, que teña vixencia e sexa real, poida traducirse en norma legal, xa que, doutro xeito, pasaralle como a tantas normas consuetudinarias que caeron baixo as rodas do Código civil. Un dos factores da decadencia e da extinción de moitos costumes, que puidesen desenvolverse eficazmente dentro dun dereito civil máis comprensivo, máis tolerante, foi precisamente a contundencia da codificación civil, en moitos casos inaplicable en Galicia.

A Lei 4/1995 utiliza os usos e costumes xa na regulación de institucións concretas. Como costume xeral pode ollarse nos artigos 12, 15.3, 19, 37.2. Como costume do lugar, en cambio, régúlase no artigo 45 ou no 59.2. Pola súa banda, os usos tamén están regulados nalgunhas partes do articulado, como no artigo 16. 1, 22, 23. En ocasións, utilízanse os usos e costumes como unha unidade, como pasa no artigo 35, ou alternativamente no artigo 60,c.

b. Cara a un dereito administrativo consuetudinario ou un dereito consuetudinario administrativo

Cando se atende ó dereito consuetudinario galego non pode esquencerse que, así mesmo, existe un dereito administrativo consuetudinario ou un dereito consuetudinario administrativo, pois de calquera das dúas maneiras podería chamarse. O dereito administrativo consuetudinario galego imbrícase expresamente co dereito civil de Galicia. Algunhas leis especiais do dereito galego recoñeceron o papel do costume en materia administrativa. Na súa dispo-

sición derradeira segunda, a Lei de montes veciñais en man común, Lei 13/1989, dixo expresamente que “a presente lei, xunto co costume, constitúe o dereito propio de Galicia en materia de montes veciñais en man común”. O artigo 1 refírese ó aproveitamento consuetudinario, a condición de veciño para efectos do goce dos montes, “segundo os usos e costumes da Comunidade”, etc. revelan a conexión entre o dereito privado e o dereito administrativo, nunha materia como o costume, mirada sempre de reollo pola doutrina administrativa noutras ordes, por tratarse dunha especialidade do dereito na que a estricteza é un dos seus piares.

Na lei pode apreciarse a pegada do dereito consuetudinario no seu límite co dereito administrativo nalgunhas disposicións. A regulación da veciña, como unha entidade organizativa, esixe un tratamento administrativo propio. As regras de repartición das augas tamén rozan o dereito administrativo, se ben a remisión á lei de augas resolve o problema xurídico que puidese cuestionarse. A lexislación de montes está baseada nunha conexión estreita entre o ámbito civilístico e o administrativo. Interesa insistir en que os oito primeiros artigos, os referentes a cuestións privadas, deben transbordarse desde a Lei de montes á de dereito civil, deixando os aspectos organizativos e de intervención da Administración na lei especial²⁷.

c. Prelación de fontes e leis imperativas

O modelo xurídico-civil de 1985, como obra de concordia, ecléctica ás veces, prescindía dunha formalización da prelación de fontes. Os artigos 1 e 3 conteñen unha enumeración das normas, sen intento de xerarquización. A polémica entre os campos costume/lei tiña como consecuencia a simple enumeración das normas, sen prelación entre elas expresamente formulada. Dun xeito indirecto, sen embargo, establecíase unha formalización xerárquica das normas. A cláusula achegada polo modelo do Consello da Cultura Galega, no senso de que o costume non prevalecerá contra leis imperativas, tivo unhas vicisitudes ó longo do proceso de elaboración do modelo.

Fixa-lo concepto de norma imperativa, dentro do campo semántico imperativo/dispositivo será xa un proceso de interpretación das normas. Un proceso nada sinxelo, en realidade, polas sombras que existen no punto da relación

²⁷ Sobre a veciñanza fáctica nos montes comunais, Baldomero Cores Trasmonte, “A condición política de galego”, *Revista Galega de Administración Pública* (Separata), pp. 161-162.

entre unhas normas e outras. Implicitamente, a presenza das normas imperativas, significa que a súa antítese, as normas dispositivas, serán as que non poderán predominar en contra do costume. O concepto indefinido de normas imperativas, sen outra adxectivación, é extensible a todo tipo de normas, sexa cal sexa a fonte de repartición de competencias da que procedan. Porque, as normas imperativas poden emanar tanto do poder central como do poder autonómico. Unha cláusula como a Lei 8 da compilación de Navarra, no sentido de que as leis se presumen dispositivas, significaría unha boa cautela.

3. A tradición xurídica galega, a integración e a interpretación de dereito galego

O carácter expansivo do dereito galego, non só o civil, segundo o artigo 2.2 da Lei de dereito civil de Galicia, ha de interpretarse e integrarse de acordo cos seus propios principios xerais, os usos, os costumes, a xurisprudencia e maila doutrina. O artigo 2.2 dispón que o dereito galego se integrará e se interpretará desde os principios xerais que o informan, os usos, os costumes, a xurisprudencia e maila doutrina que encarna a tradición xurídica galega. O artigo ten carácter expansivo, porque se refire ó dereito galego e non ó dereito civil galego.

Os dous procesos refírense á aplicación das normas, pero obedecen a dúas técnicas distintas. Por un lado, a interpretación, para darlle o sentido axeitado ós preceptos legais. Por outro lado, a integración significa a posibilidade de enche-las lagoas legais con outras normas ou principios ou por medio da analoxía. Así mesmo, no caso dos principios, constitúen un obstáculo para evita-los efectos perturbadores das leis civís comúns cando entran en xogo por razón da supletoriedade do dereito galego.

A tradición xurídica galega emerxe unilateralmente da propia realidade social, sen unha doutrina científica con pulo e capaz de depura-los conceptos xurídicos. A doutrina científica cuestiona xa outros problemas no dereito galego. Así como no catalán, a opinión dos autores é relevante, o Tribunal Supremo soamente lle deu valor cando fose uniforme e aceptada polos tribunais. O Código civil non a cita, e o Tribunal Supremo non a avalía como doutrina legal. As

compilacións, en cambio, danlle valor e téñena en conta. Nalgunha sentenza figura como fonte de coñecemento, como a do 7 de febreiro de 1942²⁸.

Pola súa banda, a xurisprudencia dos tribunais xogou un papel que interesa avaliar e subliñar axeitadamente, se ben, como sucede cos montes, foi alentada inicialmente polo mesmo Tribunal Supremo. As decisións da Audiencia Territorial de Galicia na determinación dalgunhas institucións, propia do dereito galego, non deixa de ser importante. A creación dos montes veciñais, como unha institución propia de Galicia, foi unha construción xurisprudencial derivada da observación da realidade social e da configuración socioeconómica. Nun dereito consuetudinario como o galego, sen estudos sobre el ata época moi serodia, dificilmente pode falarse de tradición xurídica galega emanada da doutrina. Só no século XX empezou a desenvolverse o estudo xurídico entre os profesionais do dereito. O valor das decisións xudiciais, como configuradores do dereito, tradúcese na disposición adicional segunda, que di que os costumes e usos notorios non compilados que sexan reiteradamente recoñecidos pola xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se poderán incorporar a esta lei mediante a iniciativa parlamentaria correspondente. Inicialmente estaba tamén a Audiencia Territorial, o que significaba establecer unha conexión entre o dereito creado con anterioridade á conversión en Tribunal Superior de Xustiza de Galicia²⁹. O valor dos congresos de dereito galego son unha fonte especialmente importante para recoñece-la xénese e o funcionamento social das institucións xurídicas que se positivaban. Desgraciadamente, o I Congreso chegou moi serodiamente, nun momento difícil para a expresión do dereito propio e das súas consecuencias. Causan envexa aquel magno Congreso de xurisconsultos aragoneses, realizado entre o 4 de novembro de 1879 e o 7 de abril de 1980, facendo realidade unha iniciativa de Gil Berges, ou a Asemblea realizada en xaneiro de 1881 en Barcelona para facer propostas sobre o dereito catalán, onde xa se mantiveron posicións antagónicas e de concordia do dereito catalán co Código civil. Non deixa de ser paradoxal que o impulso compilatorio do dereito civil galego procedese do Congreso de Zaragoza, realizado en 1946, e non dunha acción civilística da doutrina e do pensamento xurídico de Galicia. Menos mal que, ó Congreso asistiron dous grandes civilistas, un eminentemente prác-

²⁸ Francisco Puy Muñoz, "O valor da xurisprudencia galega", Discurso inaugural do curso 1985-86, Santiago, 1985; Julio Francisco Fernández Ogando Vázquez, *Los grandes juristas gallegos*, Vigo, 1954; *Cuatro grandes juristas orensanos*, Ourense, 1960; *Gaspar Rodríguez, jurista galego del siglo XVI*, A Coruña, 1970; "Un gallego, maestro insigne de Coimbra: Francisco de Caldas Pereira y Castro", *Boletín Auriense*, Ourense, 1971.

²⁹ Baldomero Cores Trasmonte, Tribunal Superior de Justicia de Galicia, *Gran Enciclopedia Gallega*, Apéndice II; Historia do Colexio de Avogados de Santiago, Santiago, 1990.

tico, como Xosé Reino Caamaño, un dos grandes oradores do foro galego, e un teórico, como Amadeo de Fuenmayor Champín, que, aínda que foran mergullados na sección de dereito común, fixeron constar na acta que Galicia non renunciaba ó seu carácter xurídico propio e peculiar³⁰.

En Galicia, non chegará tal alento sobre o dereito propio ata o I Congreso de dereito galego de 1972, o que significa a perda de tempo excesivo para a creación dun pensamento xurídico. Destacando a súa importancia, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa comunicación á Ponencia o 1 de abril de 1992, resumía o contido do Congreso dicindo que “alí está todo o pensamento da galegidade xurídica e constituiría ousadía, que non vou cometer, repetilo, ou alteralo”.

Despois de lembra-las competencias asumidas polo réxime autonómico, o presidente resumiu: “A compilación que se fai do noso dereito terá que preocuparse de recoller todas esas institucións –ben recollidas e tratadas nos traballos daquel Congreso–, incluso aquelas que puidesen ter caído en desuso. O que haberá de facerse, a semellanza daquel reto-que feito na orde de prelación de fontes que fixo o Congreso e que non varía de ningún modo, é modernizar esas institucións e axeitalas a este tempo e ás previsións de futuro que se amosan xa moi claras, sen que ningún costume poida facer estéril esa actualización, novas razóns económicas e de estrutura requiren novo e máis completo réxime”.

VI.

O ámbito de aplicación da lei

1. A eficacia da lei e os estatutos dos membros da comunidade xurídica

Nos seus artigos 4 e 5, a Lei 4/1995 regula os estatutos real e persoal e a eficacia da mesma. No artigo 4 precisa que o dereito civil galego terá eficacia no territorio da Comunidade Autónoma, agás nos casos en que, conforme co dereito interrexional ou internacional, deban aplicarse outras normas. O artigo 5, pola súa banda, en dous parágrafos, especifica que a suxeición ó dereito civil de Galicia determinarase pola

³⁰ Relatorio sobre dereito civil de Galicia, que lle presenta ó Congreso nacional de dereito civil de Zaragoza a Delegación Territorial, *Foro Gallego*, A Coruña, varios números, 1945.

veciñanza civil, consonte o disposto no dereito civil común. O segundo parágrafo, introducido ó aceptarse unha emenda do G.P. do BNG, completa o concepto dispoñendo que os galegos que residan fóra de Galicia terán dereito a mante-la veciñanza civil galega consonte o disposto no dereito civil común e, en consecuencia, poderán seguir suxeitos ó dereito civil galego. Nunca mellor usada a idea de dereito común, no senso en que o usaba Sánchez Román para o dereito de obrigado cumprimento en todo o territorio español.

A Compilación de 1963 tiña un ámbito territorial máis extenso. Os seus títulos I, sobre foros, e o II, sobre compañía familiar galega, eran de aplicación nas comarcas das provincias de Oviedo, León e Zamora, “cando se acredite a existencia e uso das institucións ás que os mesmos títulos se refiren”. A Lei galega 7/1987, do 10 de novembro, precisou o alcance territorial do dereito galego de acordo coa repartición autonómica do réxime de competencias. O artigo 1 di que as disposicións de dereito civil de Galicia se aplicarán no territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da competencia que poida ter noutros ámbitos territoriais, ó abeiro da correspondente normativa autonómica ou estatal.

A pequena historia destes artigos pode ser interesante para ilumina-lo seu contido. No texto presentado por ex membros da Comisión facíase constar, no artigo 2.1, que de conformidade co establecido na Constitución e no Estatuto de autonomía, o dereito civil de Galicia é aplicable no seu territorio e con preferencia a calquera outro. No artigo 4 dicíase que a suxeición ó dereito civil de Galicia se determina pola veciñanza civil que, consonte o establecido no artigo 3.1 do Estatuto de autonomía, se presume verbo das persoas que residan en calquera dos concellos do territorio galego. O texto do Consello da Cultura Galega dicía, en cambio, nos seu artigo 4, que as normas do dereito civil galego terán eficacia no territorio da Comunidade Autónoma e serán de aplicación a quen resida nel, sen necesidade de proba-la súa veciñanza civil, agás os casos en que, conforme ó dereito interrexional ou internacional privado deban aplicarse outras normas.

Desde as primeiras sesións, en 1988, a representación xurídica tentou facer ve-la necesidade de conecta-lo estatuto persoal coa veciñanza civil, como única forma de que dereitos non territoriais tivesen posibilidade de exercerse por galegos residentes fóra de Galicia. O tempo foi depu-

rando a idea, para chegar a unha fórmula como a actual, se ben con algunhas variacións que merece recoller. Como noutros aspectos, era moito máis realista o Estatuto de autonomía de 1936 que o de 1981, no que se refire á veciñanza civil, porque non pode esquecerse a existencia dun longo pobo galego extraterritorialmente espallado.

A ponencia que elaborou o texto de 1993 acolleu as dúas fórmulas dos textos, incluíndo o artigo 6 do texto do Consello como artigo 5 e o artigo 4 do texto dos ex membros da Comisión como artigo 6. Con esta redacción foi publicado o texto o 23 de xuño de 1994. Como o artigo 5 estaba tirado do artigo 2 da Compilación do dereito civil de Baleares e foi declarado inconstitucional, pola Sentencia 156 do 6 de maio de 1993, aínda se estivo a tempo de facer unha nova redacción, axustada a sentenza, pero igualmente tirada mimeticamente do aprobado polo lexislador balear. A influencia do Tribunal Constitucional foi, neste aspecto, tan decisiva como o foi a dos arrendamentos históricos de Valencia; o que non debe esquecerse á hora de detecta-las fontes que inspiraron o primeiro corpo de dereito civil galego.

No trámite de emendas, o G.P. do BNG propuxo a modificación do artigo 6 e a adición dun parágrafo segundo, actualmente en vigor. Di concretamente que os galegos que vivan fóra de Galicia terán dereito a mante-la veciñanza civil galega consonte o disposto no dereito civil común e, en consecuencia, poderán seguir suxeitos ó dereito civil de Galicia.

Separándose dos usos do dereito civil español, nos que a veciñanza civil era o elemento clave da rexionalidade, incluso separándose do concepto seguido no primeiro proceso estatutario da II República, os estatutos de autonomía aprobados ó abeiro da Constitución española de 1978 institucionalizaron a veciñanza administrativa como o fecho para delimita-lo concepto de condición política. Xa no anteproxecto de Estatuto de autonomía de Galicia, do 4 de setembro de 1932, o artigo 3 regulaba o Estatuto persoal pola natureza e non polo territorio e os demais españois que gañaran veciñanza en Galicia. Non foron moitas as propostas de Estatuto que regulasen o Estatuto persoal e o ámbito persoal no segundo proceso estatutario. A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, aprobou o día 4 de decembro de 1977 unhas Bases de Estatuto de autonomía de Galicia, nas que fixo unha completa regulación da veciñanza

civil galega. Na cuarta dicía que son galegos os fillos de pai galego, os de nai galega, aínda que o pai non o sexa, cando non sigan a nacionalidade do pai, os nados en Galicia de pais non galegos e que estivesen domiciliados nela no tempo do seu nacemento e os nados de pais descoñecidos. Nunha das fórmulas non aceptadas dos "16" tamén se seguía esta técnica, pero chegou moi pouco máis aló no proceso de institucionalización estatutaria.

2. *As relacións intersistémicas e os conflitos*

Ademais da eficacia no seu territorio, as leis civís teñen, en moitos casos, unha aplicación noutros territorios diferentes, polo que se fai necesaria a implantación de normas de dereito internacional privado ou de dereito interrexional, segundo se trata de resolver posibles situacións conflictivas entre membros de comunidades soberanas diferentes ou de comunidades que, aínda dentro dun mesmo sistema xurídico dun Estado soberano, están separados de acordo con algún principio de autonomía ou de respecto das peculiaridades de cada un deles.

Correspóndelle ó poder central, no sistema constitucional de 1978, a competencia exclusiva para aproba-las normas para resolve-los conflitos de leis entre diferentes comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de 1978, acatando plenamente este precepto de repartición de competencias, non fixo ningunha concreción sobre o mesmo. A Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia, no artigo 4, despois de defini-lo ámbito de aplicación en Galicia do dereito civil galego, consignou a fórmula expresada anteriormente.

Este artigo, polo tanto, como era natural de acatarse o disposto no Código civil, réxese polo previsto nas súas disposicións do capítulo IV do título preliminar, titulado "Normas de dereito internacional privado", e do capítulo V, titulado "Ámbito de aplicación dos réximes xurídicos civís coexistentes no territorio nacional". Como as normas que regulan son normas de resolución de conflitos, cando se utiliza o concepto de lei do lugar, lei nacional, poden entrar en xogo tanto normas estatais como autonómicas e, concretamente, normas de dereito civil galego, por exemplo, incluídas na lei que o regula ou nas leis especiais. Para poder aplicar, polo tanto, as normas de conflito, que son normas

en branco, aínda que estaban referidas ás leis estatais, hai que aterse ó principio de competencia, pois xa non existe aquel modelo monolítico que existía cando se reformou o devandito capítulo do Código civil.

Algún artigo máis, pode traerse a este panorama extra-territorial, como é o disposto no artigo 137 da Lei 4/1995, no que se dispón que os cónxuxes galegos poderán outorgar testamento mancomunado, aínda fóra de Galicia. Con distinta numeración foi, tamén, outro artigo que se mantivo invariable desde os primeiros modelos de autonominación do dereito civil galego. O texto procede do artigo 90 do modelo do Consello da Cultura Galega, no que se axustou soamente un pequeno aspecto de pura redacción, para axustalo ó contido do novo texto.

As normas de dereito internacional privado e de dereito interrexional teñen carácter global, como normas intersistémicas, polo que a inclusión dun artigo concreto sobre unha materia extraterritorialmente formulada non afecta á globalidade da aplicación de tales normas para regular as relacións derivadas do Estatuto persoal, sobre todo, dos membros da Comunidade galega³¹.

VII.

A integración e a supletoriedade do dereito civil galego e o Código civil

1. O principio de suplencia e o Dereito civil

O principio de suplencia ou supletoriedade é aquel polo que as normas dun ordenamento xurídico ou dun corpo legal se aplican a outro en caso de lagoa dunha disposición legal determinada. Son normas de integración que, co fin de impedir lagoas xurídicas, se aproveitan doutro sistema distinto e predeterminado, para resolver un caso controvertido. O principio de suplencia está relacionado co da completitude do ordenamento xurídico, tan importante no pensamento positivista, como un mecanismo que impide a existencia de baldeiro legal ou de lagoas xurídicas. É unha cláusula de integración que se formula para unir dous ordenamentos separados polo principio de competencia, pero

³¹ Baldomero Cores Trasmonte, *Estructura política de Galicia*, capítulo sobre os ordenamentos autónomos e os conflitos de competencia, pp. 171-174.

que se xuntan en virtude de mecanismos diversos, entre eles, mediante esta e outras cláusulas de fecho do sistema. O principio de suplencia actúa dentro dun mesmo ordenamento xurídico ou entre ordenamentos xurídicos distintos. Ollemos cada un deles por separado:

a. *Principio de supletoriedade intrasistémica*

Dentro dun mesmo ordenamento xurídico, algunhas normas teñen, ademais da que lles corresponda pola súa propia materia, a función de ser supletorias, no caso de baldeiro legal. No dereito español o carácter expansivo do Código civil sobre as demais normas do ordenamento xurídico español, é ben coñecido. É unha norma de dereito supletorio xeral, tanto das leis especiais de dereito civil, como doutras normas xurídicas. No artigo 4.3 do Código civil, incluído precisamente no título preliminar, que ten carácter xeral, di que “as disposicións deste Código aplícanse como supletorias nas materias rexidas por outras leis”.

b. *Principio de supletoriedade intersistémica*

Ademais, o principio de supletoriedade ou de suplencia pode manifestarse entre ordenamentos xurídicos distintos, pero relacionados por un principio de unidade. A coexistencia de ordenamentos xurídicos como o común e os especiais en materia de dereito foral ou especial, deu orixe a unha regulación da supletoriedade moi variada en cada unha das rexións forais. A publicación das compilacións de dereito civil rematou por darlle ó Código civil o valor exclusivo en materia de suplencia, derogando os dereitos supletorios que existían ata ese momento. A introducción de novos sistema debíase a que o dereito civil xurdía agora como *ius proprium*, coas compilacións, cando antes eran soamente os apéndice forais unha forma de dereito especial.

A existencia de dous ordenamentos xurídicos dentro dun Estado composto ou semicomposto significa a existencia de instrumentos de relación normativa e do propio ordenamento, co fin de evitar que se produzan lagoas ou fallos na aplicación do dereito establecido. Así como existen normas de resolución de conflitos, incluso mediante unha cualificación suprema dunha das normas, tamén existen fórmulas de integración polas que cando non existe precepto dentro dun ordenamento pode acudirse a outro, impo-

sitivamente, para resolve-lo caso específico. A introducción dun sistema xurídico máis completo en 1931, como o dereito autonómico, dentro do Estado unitario creado pola Constitución de 1978, esixiu unha norma específica en materia de supletoriedade, en caso de que no ordenamento particular non existise norma aplicable. A Constitución, no artigo 149.3, estableceu unha cláusula de fecho do sistema de competencias, ordenando que o dereito estatal será, en calquera caso, supletorio do dereito das comunidades autónomas. A finalidade é impedir que se produza o baldeiro xurídico, en relación coa falta de disposicións concretas, en cumprimento do principio de completitude do ordenamento xurídico, polo que non existen baldeiros dispositivos dentro do mesmo.

A implantación de cláusula ten unha finalidade organizativa, asignando a unidade a un dos termos, quedando o outro subordinado pola materia. Non sucede ó revés, que o especial ou o comunitario sexan o elemento de encheamento do baldeiro xurídico existente. Nun Estado composto, a forza supletoria dunha norma ou do ordenamento pode atribuírse a un ou a outro ente, sexa o central ou o autonómico. Dado que o dereito autonómico é un dereito propio dunha Comunidade Autónoma e que o dereito do Estado ten carácter xeral, afírmase o principio de suplencia do dereito estatal dentro do dereito autonómico. Non existe a posibilidade de integración con outro dereito autonómico, aínda que existen relacións moi estreitas entre eles. Con frecuencia nos debates parlamentarios faise consciente a idea do mimetismo normativo, aproveitando a experiencia doutras comunidades autónomas. Pero, en tales casos, non se trata de dereito supletorio, senón da influencia xurídica sobre outros espazos autonómicos. O artigo 149.3 da Constitución di que o dereito estatal será, en calquera caso, supletorio do dereito das comunidades autónomas. Tampouco é posible, dacordo con isto, que as lagoas legais poidan encherse acudindo a normas de ordenamentos xurídicos estranxeiros.

2. A remisión ou reenvío á lexislación estatal

A remisión ó dereito civil do Estado como entidade global do sistema político completo, entendido en ocasións como Estado-comunidade, ou do Estado concretamente

intelixible como poder central, aparece decote na Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia. Sexa residual a posibilidade lexislativa, sexa esencial, sexa mixta, o marco no que se desenvolve a lei esixe, en moitos casos, a formulación de cautelas expresas de confirmación da reserva do dereito estatal, para evitar reaccións inmoderadas de tipo científico ou xurisprudencial. O retroceso do ámbito de competencias, por exemplo, con respecto ó modelo lexislativo do Estatuto de autonomía de 1936 é moi claro, porque, mentres que naquel Estatuto, ó abeiro da Constitución de 1931, cabía darlle un sentido expansivo ó dereito propio, sempre que non se desbordase o límite establecido polo artigo 15, no sistema estatutario de 1981, aprobado ó abeiro da Constitución de 1981, as posibilidades son máis pequenas, porque, como sucede co dereito galego, limítanse a conservar, modificar e desenvolve-lo seu dereito civil, eminentemente consuetudinario e con moi poucos alicerces escritos, dos que son punto de partida importante a Compilación de 1963.

Ademais da remisión global que implicitamente fai a lei, xa que non se atreve en moitos casos a ir máis aló do texto do Código civil, incluso utilizando en ocasións as súas propias palabras, o que constitúe unha redundancia formal que soamente se xustifica polo temor ó mito centralista, a remisión concreta e explícita, que pode chamarse remisión literal, aparece decote ó longo do texto lexislativo autonómico. Noutros casos, como sucede coa situación de ausencia non declarada, é soamente un recurso complementario da regulación legal feito polo Código civil.

Existen mencións ó dereito civil en numerosos artigos. En ocasións menciónase a lexislación vixente pero central, se ben sen darlle esta denominación, como sucede no artigo 17, referente á lexislación de augas, pero identificable por non ser posible outra competencialmente que a do poder central. No artigo 56, refírese ás normas de dereito civil estatal. Sen citar expresamente a lexislación, o artigo 112 remítese ó réxime da sociedade de gananciais, que non é outro que o do dereito central. As dúbidas sobre a denominación do dereito central é natural nunha lei que ten que facer tantos equilibrios para poder manterse dentro do seu ámbito de competencias. A dicotomía dereito autonómico/dereito central ten aínda a debida soleira como para que se leve tan abertamente a un texto legal como a Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia.

O mesmo lle pasara ós xurisconsultos coetáneos do Código civil, pois algúns deles, e moi eminentes, chamaban dereito civil común ó dereito para todo o territorio español, e sobre todo desde o Decreto de nova planta e logo coa lei de mostrencos de 1835 e outras, mentres que o dereito foral estaba integrado polos dereitos especiais de Aragón, Cataluña, Mallorca, Navarra, Valencia, algunha parte do País Vasco, que para os foralistas era tan especial como o dereito castelán.

As mencións expresas ó Código civil tamén se formulan en ocasións ó longo do texto. O artigo 3, o 146, o 148, o 153, por exemplo, son formas de remisión concreta a artigos ou institucións reguladas directamente no Código civil. Seguindo a liña das compilacións, na disposición transitoria, parágrafo 4, dispónse que os demais problemas de dereito intertemporal que se susciten por mor da entrada en vigor desta lei se resolverán de conformidade cos principios que informan as disposicións transitorias do Código civil. En realidade, esta cláusula intertemporal está moi ben para dereitos civís de Aragón, Navarra ou Cataluña, con potestade lexislatoria extensiva a prol de moitas institucións que as disposicións transitorias do Código civil atenden. Sen embargo, a súa aplicación ó dereito civil galego será sempre moi pouco previsible. O principio de respecto ós dereitos adquiridos, por exemplo, e a irretroactividade da lei, están incorporados ós principios constitucionais, polo que son defendibles máis aló do texto do Código civil.

A disposición transitoria 4 da Lei galega utiliza a expresión “principios que informan as disposicións transitorias do Código civil”. O principal dos principios, como dicimos, é o do respecto ós dereitos adquiridos. Principios sobre tutela, etc., non teñen aplicación, porque a lei galega non os inclúe dentro do seu marco. Non deixa de ser curioso que, por exemplo, as disposicións transitorias, concretamente a segunda, xa non como principio, senón como expresa regulación, aceptan os testamentos mancomunados anteriores ó Código civil. Despois de un século de loita dos paisanos e dos avogados e notarios galegos para furar dalgún xeito o rigor adverso do Código civil, con fórmulas indirectas, definibles como fraudes de lei, polo menos se se permite usarlo concepto en senso espiritualista, resulta que os galegos van poder facer abertamente, sen subterfuxios, testamento mancomunado. Como aquel artigo, o 669 do Código civil,

que expresa a forma segundo a cal se pode anular un dereito consuetudinario, interesa reproducilo literalmente: “Non poderán testar dúas ou máis persoas mancomunadamente, ou nun mesmo instrumento, xa o fagan en proveito recíproco, xa en beneficio dun terceiro”. O artigo queda desprazado en Galicia pola nova regulación legal, axeitada ó propio xenio da Comunidade galega. Por conexión, queda tamén desprazado do ámbito de competencias galego, o artigo 733 do Código civil, referente ó testamento mancomunado outorgado en país estranxeiro, aínda que o autoricen as leis das nacións onde se outorgasen.

VIII.

A formación externa, a vixencia da lei, as situacións transitorias e a derogación das disposicións preexistentes

O período de vacación da lei fixouse inicialmente en dous meses, desde o modelo de 1993. No texto articulado do Informe de ponencia ampliouse a tres meses e así quedou definitivamente na disposición derradeira. Non había emendas sobre a materia, pero a Ponencia recomendoulle á Comisión a ampliación da *vacatio legis*, tendo en conta os problemas de adaptación que significará para os moitos xuristas formados no dereito civil oficial ou, se se quere, oficializado. É de esperar que a doutrina lle dedique desde agora unha parte dos seus traballos a este corpo xurídico, sobre todo pensando na súa interpretación máis axeitada e nese proceso de investigación científica que permita recoller institucións non incluídas ou vagamente incorporadas ó texto legal.

A Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia contén unha cláusula derogatoria mixta, xa que nela se unen unha derogación concreta e unha derogación xenérica. A cláusula, ó pé da letra, di así: “Queda derogada a Lei do Parlamento de Galicia 7/1987, do 10 de novembro, sobre a Compilación do dereito civil de Galicia, así como todas aquelas disposicións que se opoñan ó previsto na presente lei”. A fórmula foi adoptada no último momento, xa que anteriormente se incluía a seguinte: “Queda derogada a

Lei 147/1963, do 2 de decembro, adaptada e integrada baixo o título de compilación do dereito civil de Galicia no ordenamento xurídico galego pola Lei do Parlamento de Galicia 7/1987, do 10 de novembro, así como todas aquelas disposicións que se opoñan ó previsto na presente lei”.

A derogación expresa alterouse finalmente con respecto á redacción anterior. Derrogouse a Lei 7/1987, que incorporaba a Compilación ó ordenamento autonómico de Galicia. Esa lei, ademais, derogara no seu día o título I, suprimindo os artigos 3 ó 46, así como as disposicións transitorias primeira e segunda da Compilación. Por outro lado, derogou o capítulo primeiro do título V, suprimindo os seus artigos 88 e 89 da mesma Compilación de 1963. Por mor do disposto no artigo 2.2 do Código civil, pola simple derogación dunha lei non recobran vixencias as que estiveran xa derogadas, polo que, esa derogación compilatoria seguía vixente sen necesidade de derogar expresamente a Compilación. O problema estará en que a fórmula “así como todas aquelas disposicións que se opoñan ó previsto na presente lei” podería non recoller tódalas disposicións da compilación, polo que poderían estar vixentes en casos concretos, sempre ser perder de vista a regra *lex posterior derogat anterior*.

Segundo coñecida doutrina, a lei xeral posterior non derroga a lei especial anterior, de conformidade coa doutrina sustentada en sentencias numerosas do Tribunal Supremo, entre as que poden citarse a do 10 de maio de 1980, 21 de febreiro de 1975, como dicimos entre outras moitas. Non existe no dereito galego, de momento, a posibilidade de conflito entre disposicións antagónicas como para aplicar ou non a regra devandita. Sen embargo, non deixa de ser curioso que a definición do lugar acasado constituía o artigo 19 da Lei de concentración parcelaria e que de alí pasou a constituí-lo artigo 50 da Lei de dereito civil de Galicia, con algunha variación, como a ampliación nesta da explotación mixta. Sen embargo, ademais de non rexer para lexislación especial, a mesma instrumentalidade da expresión “para os efectos da presente lei”, impide a incidencia da lei de dereito civil sobre a de concentración neste aspecto concreto.

Así mesmo, a definición dos montes veciñais comunais, regulada no artigo 14 da lei, tiña como antecedente o artigo primeiro da Lei galega de montes, con algunha, mínima

máis ben, diferencia na súa formulación. A definición dos montes e todo o título preliminar da Lei de montes ten a súa sede propia na Lei 4/1995 de dereito civil galega, polo que podería, no futuro, resolverse calquera antinomia coa súa inclusión na lei xeral. O que xa non será certo para o futuro, xa que aínda que en forma cativa a Lei de dereito civil regula tamén a materia, o que se di na disposición derradeira segunda da Lei de montes, xa que se di que tal lei, xunto co costume, constitúe o dereito propio de Galicia en materia de montes veciñais comunais, e de conformidade co disposto no artigo 38.1 do Estatuto de autonomía será de aplicación, no seu ámbito territorial, con preferencia a calquera outro.

Unha disposición transitoria recolle algúns casos concretos de dereito intertemporal. A cláusula incorporouse no modelo de 1993 e non tivo variación nin ofreceu demasiada discusión ó longo da elaboración da lei. No seu apartado primeiro di que: Os contratos de arrendamentos rústicos celebrados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, vixentes en virtude de prórrogas legais ou pola tácita reconducción, rematarán ó termo daquelas, agás pacto expreso das partes en cada caso. No seu parágrafo segundo di que os arrendamentos rústicos denominados históricos que se atopen vixentes prorrogaranse polos prazos e nas condicións sinaladas pola súa propia normativa. Tamén que as parcerías en vigor quedan sometidas ás normas desta lei. O terceiro di que as parcerías en vigor quedan sometidas ás normas desta lei.

O apartado cuarto di que os demais problemas de dereito intertemporal que se susciten por mor da entrada en vigor desta lei resolveranse de conformidade cos principios que informan as disposicións transitorias do Código civil. A expresión “os demais” refírese a que nos parágrafos anteriores resolve problemas relacionados cos devanditos arrendamentos rústicos en vigor antes da lei, as parcerías e os arrendamentos históricos. En calquera caso, tampouco hai que esquecer que algunhas disposicións do texto articulado poderían ser cualificadas, desde o punto de vista da relación intertemporal, como disposicións transitorias. Os supostos do artigo 16.2 ou o do 25 poden ter esa connotación intertemporal, entre outros que puidesen mencionarse. A cláusula de intertemporalidade de tipo xeral que se inclúe no derradeiro parágrafo refírese ós principios que informan as


disposicións transitorias do Código civil, das que se falou anteriormente.

A Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 107, martes, do 6 de xuño de 1995, nas edicións galega e castelán. Cabe destaca-lo atraso na publicación, sobre todo nunha lei que, en certos momentos, foi altamente urxida. Desde o 16 de maio en que se publica no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, non chega ó *Diario Oficial de Galicia* ata máis de un mes despois. Queda, pois, por publicarse no *Boletín Oficial do Estado*, se ben empeza desde o día 7 de xuño o prazo dos tres meses de vacación legal para a súa entrada en vigor, que se producirá, polo tanto, o día 7 de setembro deste ano 1995.

A fórmula de promulgación utilizada non cambiou con respecto a outras anteriores. Despois do preámbulo, ó que se lle suprimiu a denominación, pois non leva o nome de tal ou o de exposición de motivos, como o levaba na lei aprobada no Parlamento, a fórmula de promulgación foi a seguinte: "Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei, a Lei de dereito civil de Galicia". Non é un erro o nome do Estatuto, porque na fórmula figura tal como se transcribe...

¿Críticas á Lei 4/1995? Tódalas que se queiran. Para os centralistas xurídicos, por autonomistas que parezan, naturalmente a lei pode ser un despropósito a estas alturas da historia. Para os consuetudinaristas, paradoxalmente, tamén pode ser insuficiente, porque o repertorio de obxectos xurídicos é moito máis grande. Para unha mentalidade federalista, que tivo que moverse dentro dos parámetros de competencias limitados constitucional e estatutariamente, como lle pasou ó representante do servizo xurídico parlamentario, o esforzo non era máis que unha aproximación, sobre todo se pensaba en cousas da súa longa experiencia americana, na que non racha as vestiduras ninguén polo feito de que cada quen teña o seu propio Código civil e os seus tribunais supremos. ¿Repeticións de artigos? Algunhas, malia a advertencia da representación xurídica, e outros que, co paso do tempo, se van mirando. Pero, o traballo parlamentario ten a súa propia inercia e os seus condicionamentos como para explicar, máis que xustificar, algúns deses erros³².

³² Sobre aspectos relacionados coa técnica parlamentaria, Baldomero Cores Trasmonte, "A Lei de educación e promoción de adultos de Galicia", *Revista Galega de Administración Pública*, número 3, 1993; "A Lei 12/1993, do 29 de xullo, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia", *REGAP* número 6, 1994; X. A. Sarmiento, "Crónica parlamentaria", pendente de publicación.

O traballo fíxose, como se mira, especialmente difícil, debido a presións externas, pero non de intereses sociais, senón de escisións xurídicas e de tendencias nas que non faltou o coeficiente persoal. Todo pode dicirse dunha lei que tan longo parto tivo, pero que, está aí, e que, desde agora queda nas mans dos operadores xurídicos para vivila e para aplicala axeitadamente, pero, sobre todo, para emendala cando conveña³³. A disposición adicional é unha forma de humilde lexislativa, porque, a medida que as investigacións científicas se produzan, en diversos campos, poderá modificarse para evita-las súas eivas. Non pretende a lei ser un ensaio de laboratorio xurídico, cousa que non encaixaría nos obxectivos dun lexislador, senón unha lei sempre mellorable, sempre modificable para axeitalo ás condicións necesarias para o desenvolvemento das relacións xurídicas máis axeitadas. Máis deturpador que o Código civil, estamos seguros, non será para o vivir galego... 

³³ Nunca se dirán tantas cousas sobre esta Lei 4/1995 como se dixeron do Código civil: deficiente, pouco orgánico e sistemático e menos harmónico, excesivo, incompleto, antinómico, desarmónico, non ben definido, etc. Felipe Sánchez Román, *Estudios de Derecho Civil según los principios, los precedentes y cuerpos legales del antiguo Derecho de Castilla, las leyes civiles generales, las especialidades de las legislaciones forales, la jurisprudencia del Tribunal Supremo de Justicia y el Código civil*, Est. Tipográfico Sucesores de Rivadeneyra, Madrid, 1899, pp. 588-596.